

idade didáctica ESO unidade didáctica ESO

manuel
maría



ferrados
de corazón,
fanegas
de alma

Eu son Manuel María

1 Un de vós le en voz alta e con boa entoación este poema autobiográfico de Manuel María.

Carné de identidade

*Eu son Manuel María.
Nacín no 29, o 6 de Outono,
en Outeiro de Rei da Terra Chá.
Son dunha caste rexa de labregos
fieles á súa terra e ao seu Deus.*

Agora son un namorado.

*Eu son Manuel María,
cantor da Terra Chá que algunhos din.
Cantor da terra chá que leva un
clavada nas entrañas, penso eu.*

*Eu son Manuel María,
labrego con algo de poeta.
Por eso gardo as albas
no fondo dos meus ollos
e ando de vagar o meu camiño,
e pídolles ás cousas a súa tenrura
e aos homes pídolles verdade.*

*Non teño máis tarefa:
son unha humilde folla que salaia
na noite escura movida polo vento.
Eu son Manuel María,
un son tan só, lonxano e feble.*

Documentos persoais, 1958

2 A continuación, anota todos aqueles datos da biografía de Manuel María que poidas tirar do poema.

Unidade 1 Eu son Manuel María Unidade 1 Eu son Manuel María Unidade 1 Eu son Manuel María Unidade 1

- 3 Le agora estoutro poema e completa a actividade anterior con máis detalles persoais do noso poeta.

Tarxeta de visita

Manuel María -xa o sabedes- é o meu nome feble, corto, esguíu e tan desamparado que sempre o usei sen apelidos. Un nome humilde como a brisa que fai ondear as centeeiras, unha folerpiña de neve -un salouco só que o ar desfai- que non pode chegar ao chao sen derreterse. Un nome como tantos, sinxelo e do pobo. Polos Hortas apélidome Fernández, vella casta xunguida á terra dende sempre no meu Outeiro de Rei da Terra Chá. Por parte de nai son Teixeira, familia de labregos, que aínda vive no vello casal de Vilanova, perto a Lugo, na parroquia que din de Sanamede. De neno predeume o Mifío coa súa música e puxo no meu corazón vellos cantares. Teño xa moitísimos anos repartidos en alegrías, tristuras e fracasos. Publiquei algús libros. Son casado. Levo barba entrecana para tapar o medo que, como un verme, roi o meu sosego. Procurador de oficio. Gáñome a vida -e tamén o noxo e a desesperanza- coa miña profesión e outras tristezas. Agora vivo en Monforte para o que gusten, cuidando o amor, a comprensión, a fe nos homes, na Terra e máis na fala. Carezo de títulos importantes. Non teño vocación para archivar diplomas que son febles papeis -fume de nada- que sempre rematan no faiado irremisibelmente roídos polos ratos. Toda a miña ilusión é ir tirando. E se falo de min é para dicir que aínda estou vivo, sano e salvo.

Remol, 1970

- 4 Cantos anos ten Manuel María no momento da publicación deste poema?

- 5 Por que é coñecido Manuel María como "o poeta da Terra Chá"?

- 6 Completa este documento de Identidade para Manuel María:

Apelidos: _____ Lugar de nacemento: _____

Nome: _____ Profesión: _____

Data de nacemento: _____ Estado civil: _____

7 Localiza neste mapa comarcal de Galiza a Terra Chá, indica cal é a súa capital e cales son as vilas máis importantes que a compoñen.



8 Que nome reciben os habitantes da Terra Chá?

E os de Monforte? Cal é o teu xentilicio?

9 Localiza no poema anterior cinco exemplos de frases nominais que sigan o esquema SUBSTANTIVO + ADXECTIVO ou ADXECTIVO + SUBSTANTIVO.

10 Anota no teu caderno formas verbais que respondan a estas definicións:

- ⇒ 1ª persoa singular do presente de indicativo _____
- ⇒ 1ª persoa singular pretérito de indicativo _____
- ⇒ 3ª persoa plural presente de subxuntivo _____
- ⇒ Xerundio _____

11 Escribe un poema breve, inspirándote no de Manuel María, que actúe como a túa tarxeta de visita propia.

<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>

12 A biografía de Manuel María estivo moi marcada pola compañía inseparábel de Saleta Goi, con quen casou en 1959 e quen actuou como musa na poética amorosa do noso prolífico escritor. Leamos algunhas das verbas a ela dirixida.

Canción para dicirlle a Saleta

*¡Ouh amiga e compañeira cotidián;
sinxela, doce costume habitual:
ti éresme necesaria como o pan,
como o ar, como o lume, como o sal!*

*Ti es o meu pasado, o meu porvir,
auténtica muller, sangue do pobo.
Ti décheslle claridade ao meu vivir:
un camiño sinxelo, puro e novo.*

*¡Ouh compañía fiel, maina sorrís:
estrela çintilante, arrolo e canto!
Ti es o furacán, e es a brisa
que limpa, no meu ceo, tanto espanto.*

*Ti es o que eu soño; luz e rosa
recendendo vida, froleando a eito.
¡Es a realidade máis fermosa
que levo latexando no meu peito!*

*Ti trócasme en ledicia cada coita,
dáslle ao meu espírito rumbo certo.
¡Es o esteo preciso para esta loita
de sementar de flores o deserto!*

Canciós do lusco ao fusco, 1970



13 Analiza o esquema métrico deste poema.

14 Localiza un exemplo destas figuras retóricas:

⇒ Apóstrofe: _____

⇒ Metáfora: _____

⇒ Comparación: _____

Ánfora: _____

15 Á vista desta declaración de amor, que pensas que representou Saleta na vida de Manuel María?

O contexto histórico

As vivencias de Manuel María comparten espazos marcados pola represión da ditadura militar de Francisco Franco, até a morte deste en 1975, e a instauración dun novo marco político coa aprobación da Constitución española (1978) e o Estatuto da Autonomía (1980).



Nunha recollida de sinaturas en Monforte

O primeiro período está caracterizado pola censura, pola negación de dereitos e liberdades básicas para as persoas

(a libre expresión, a reunión en grupo...), pola opresión e a persecución de calquera ideario diferente do oficialmente imposto polo réxime ditatorial, polo sancionamento con multas por participar en actos de reivindicación da nosa identidade nacional, etc.

Coa superación do franquismo e a instauración dun novo marco político de maiores liberdades individuais, Manuel María non renunciou en absoluto ás temáticas literarias tratadas até o ano 1975 nin tampouco ao ton reivindicativo da súa escrita, pois entendía que a nova legalidade democrática estaba aínda moi lonxe de recoñecer os dereitos de Galiza e, consecuentemente, de posibilitar o desenvolvemento da súa lingua e cultura.

Mais o seu compromiso non foi tan só cultural e intelectual, senón que mesmo chegou a participar na política activa ao ser elixido concelleiro polo BNG nas primeiras eleccións municipais democráticas, responsabilidade pública que ocupará entre 1979 e 1983.

1 Un de vós le en voz alta esta descrición de Manuel María sobre o tempo da ditadura.

"A garda civil andaba moi activa e ollábase en todos os lugares. Unha chamada ao cuartel enchía o interesado de pavor. Para saír do termo municipal cumpría un salvoconduto do alcalde e era de vinte días de duración... Para calquera trámite administrativo precisábase levar un certificado de boa conduta firmado polo alcalde, outro de boa conduta política firmado pola garda civil e outro de boa conduta relixiosa firmado polo párroco. Castigábanse con multas e mesmo con arresto as blasfemias, as palabras chamadas malsoantes e o falar contra do réxime podía costar ir á cadea con suma facilidade. Prohibíase a xuntanza de máis de tres persoas e as verbenas remataban ás doce da noite como moito... Na escola era obrigado o crucifixo e o retrato de Franco. Rezábase ao entrar e ao saír da clase. Os sábados había que rezar o rosario ... lamos ao cine a Rábade. Moitas películas estaban prohibidas para menores. A censura, ás películas estranxeiras, metíalles uns cortes brutais. Tamén funcionaban unhas normas para vestir "decorosamente" e supoñemos que patrioticamente. Aos homes non se lles permitía o cabelo longo. As mulleres tiñan que levar mangas longas, o escote ben tapadiño e usar faldas que lles tapasen até máis abaixo dos xoenllos... As escolas e centros de ensino eran unisexuais: "los niños con los niños y las niñas con las niñas". ¡Ah! As parellas de noivos podían pasear sós, por lugares frecuentados, a certas horas do día, cando xa estaban comprometidos formalmente. Realmente vivíase como nun cuartel. As campás parroquiais facían de corneta".

2 O profesor/a recollerá no taboleiro as ideas xerais que o alumnado irá tirando da lectura anterior. Con todas elas, comentaredes como era o contexto histórico en que viviu durante anos Manuel María.

3 Pregunta a representantes das xeracións familiares precedentes -pai, nai, avó, avoa, bisavó, bisavoa, tío, tía, padriño, madriña- como era a súa forma de vida -na casa, na escola, no seu tempo de ocio, no traballo... Finalmente, preparede unha exposición colectiva na aula e comparede os resultados da investigación

4 Que datos deste contexto sociopolítico che resultan máis sorprendentes?

E máis incomprensíbeis?

Como valoras agora o momento histórico que estás a vivir en contraste coa época da ditadura?

5 A reacción de Manuel María fronte á situación que lle tocaba vivir recóllese nesta cita textual: "Toda a poesía ten compromiso con algo, co culturalismo, ou co amor ou coa paisaxe". Explica estas palabras.

6 Le agora este poema mostra dese compromiso social adquirido polo escritor:

El Progreso

Multa de 75.000 pesetas al poeta Manuel María

Por haber participado en un acto que provocó expresiones subversivas

El poeta lucense Manuel María Fernández Teixeiro ha sido sancionado por la Dirección General de Seguridad con una multa de setenta y cinco mil pesetas por haber presidido, según la correspondiente resolución, un acto que provocó expresiones subversivas en un aula de la Facultad de Ciencias Políticas y Económicas de Madrid.

En dicha resolución se indica que el referido acto consistía en un recital de poesía gallega realizado bajo el título "Galicia contra la represión", siendo adornado el local con una pancarta alusiva al "imperialismo existente en Euzkadi, Galicia y Cataluña" y colocándose en determinado momento del recital una bandera gallega cuya aparición provocó entre los asistentes gritos subversivos.

La resolución, fechada el pasado día 17 en Madrid, indica que en el plazo de diez días podrá interponer el sancionado recurso doble, de súplica y de alzada, ante las autoridades correspondientes.

Bando

*Prohíbese, por orde da Alcaldía,
que medren porque si
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia para voar.
Prohíbese á lúa
andar ceiba de noite polo ceo.
A lúa é unha tola que anda espida
dando mal exemplo ás nenas castas
e aos fillos de familia.
Pagarán trabucos os poetas.
Prohíbese soñar de 10 a 11.
Prohíbese tamén derramar bágoas.
Pódese chorar tan só cando hai sequía
para que non fiquen baleiros os pantanos.
Un só se pode emocionar
os Xoves e Domingos
cando toca
a Banda do Concello no quiosco.
Están fóra da Lei
as estrelas, a Primavera,
as flores e os paxaros.
Dáse este bando en tal e cal
para que se cumpra
de orde do Alcalde.
Asinado, carimbado e rubricado.*

Documentos persoais, 1958

a) Explica o significado de:

- ❖ bando: _____
- ❖ municipal: _____
- ❖ trabucos: _____

b) Achega un sinónimo para:

- licencia: _____ ceiba: _____
- tola: _____ castas: _____

c) Quen sería o emisor desta mensaxe poética? _____
E o receptor ou receptores? _____

d) En que contexto se pode producir?

e) Que palabra se repite intencionadamente no poema? _____

Substitúea por un antónimo. En que medida cambia o seu contido?

f) Neste poema apréciase unha intención de denuncia agochada baixo un ton humorístico. Xustifica os recursos que emprega o poeta para o conseguir.

7 En 1955 circulaba entre a sociedade galega o seguinte panfleto:



8 Que connotacións ten o idioma galego? _____

E o español? _____

9 Consecuentemente, pode considerarse que a sociedade contempla os dous idiomas nun plano de igualdade?

10 Á vista desta publicidade divulgada polo poder, pensas que pode influír na decisión dos falantes á hora de empregar un idioma ou outro como lingua vehicular?

11 Pensas que aínda hoxe a sociedade ten prexuizos á hora de usar sempre en Galiza o idioma galego?

A súa infancia

Os primeiros anos de Manuel María coinciden co paso da monarquía de Alfonso XIII á II República, así como coa posterior constitución do Partido Galeguista (1931), a chegada da Guerra civil (1936) e a dura posguerra posterior, época en que Manuel María comezaba a escola no seu Outeiro de Rei natal.



Foto familiar

En 1940 mándano á escola de Rábade e nela, os sábados á tarde, o mestre failles ler en voz alta e comentar textos literarios galegos. En 1942 parte para Lugo para estudar o bacharelato e desde 1943,

en que falece seu pai, será o seu tío paterno, D. Xosé, crego da parroquia de San Froilán, en Lugo, e profesor do Instituto Feminino desta cidade, quen se faga cargo del.

A súa formación literaria, filosófica e relixiosa continúa nestes anos e o 20 de marzo de 1949, con apenas 20 anos, pronuncia a súa primeira conferencia no Círculo das Artes de Lugo, falando sobre Juan Ramón Jiménez e as vangardas poéticas. Neste mesmo ano funda, con Manuel Antonio Sopena, a revista literaria Xistral, da que chegarán a publicar dous números e onde se recollerá o primeiro poema de Manuel María.

1 Un alumno ou alumna lerá en voz alta estas palabras de Manuel María:

"O mestre que había na miña tribu chamábase don Domingo Cabana ... Frecuentaba a miña casa...A súa muller levaba amizade con miña nai...Servidor tiña moita confianza tanto co mestre como coa súa muller. Moitas veces incluso merendaba na casa deles. Como era natural, servidor sempre falaba en galego co mestre. E el comigo...Chegou o meu primeiro día de escola. Don Domingo sentoume nun banco perto da súa mesa e deume un silabario no que me cansei de esfoliar. Alí estiven quedo, moi atento, observando o que pasaba. O que máis me chamou a atención foi que don Domingo, na escola, non se apeaba do castelán. Cando lle preguntou algo a un alumno, este respondeu cunha castrapada que agora non lembro. A clase estourou nunha gargallada homérica. A min aquilo magooume e acovardoume. Estiven caladiño como un rato, sen tan sequera pestanexar. Cecaís polo nerviosismo sentín unhas ganas tremendísimas de mexar. Cada intre que pasaba sentíame máis apurado. Estaba decidido a pedirlle permiso ao mestre para saír a mexar. Pero decateime de que non sabía dicir "mexar" en castelán. Facía mentalmente a tradución de "mexar" e dábame "mejar". Aquilo non me soaba, non cadraba. Por iso non me atrevín... Tiña un medo arrepiante a dicir unha castrapada e facer o ridículo. As gargalladas que lle adicaran ao meu compañeiro facíanme gardar silencio. Permanecín calado como unha sepultura e resistín como puideren...Cando cheguei á casa fun á percura de meu pai. Estaba na horta facendo uns plantíos. Espeteille sen máis: Como se di "mexar" en castelán?"

2 Explica por escrito como se sentiu Manuel María o seu primeiro día de escola.

3 Cada alumno/a tentará lembrar o seu primeiro día na escola. Logo, de xeito ordenado, poñeredes en común cada experiencia para valorala. Cada compañeiro intentará pórle tres adxectivos que cualifiquen esa primeira xornada de clase.

O profesor Domingo cambiaba de lingua ao entrar na escola, por que coidas que o faría?

Ti cambias de lingua por algunha razón? Coñeces xente que o faga? Cales son os motivos que os levan a facelo? _____

4 Leamos agora, con detemento e boa atención, outra impresión da escola de Rábade (1940):

"A escola estaba totalmente atestada de rapaces. Había veces que chegabamos a oitenta. O noso mestre voltábase tolo para manter a disciplina. O mestre era un home "ao vello xeito". Usaba e aínda abusaba do caiado cando era preciso, nembargantes era un gran pedagogo.

Por aquelas datas non se escribía unha soa liña en galego nos nosos xornais, nin se vían libros galegos por ningunha banda. A guerra civil estaba aínda moi recente, tan recente que aínda semellaba que se estaba vivindo. O galego estaba prohibido en todas as escolas. Pois ben: o noso mestre - o Mestre- adicaba as clases dos sábados pola tarde a ler en galego. Ía sacando os alumnos máis avantaxados ao pé da súa mesa. E, dende alí, para toda a clase e en voz outa, mandáballe ler ao alumno que fora, un poema ou un conto en galego. Despois de feita a lectura, comentabámolo e discutiámolo...

Eu tiven, pois, a sorte, e os meus compañeiros de escola o mesmo, de coñecer os nosos grandes escritores dende a escola primaria".

a) Define coas túas palabras os seguintes conceptos. Se fose inevitábel, emprega o dicionario:

❖ atestada: _____

❖ caiado: _____

❖ outa: _____

b) Analiza as semellanzas e as diferenzas que hai entre a experiencia escolar de Outeiro de Rei e a de Rábade.

Semellanzas:

Diferenzas:

c) Recolle as ideas fundamentais que podes extraer do texto.

d) Compara esas situacións coa túa experiencia actual como estudante. Que evolución se produciu?

A que campos afecta?

e) Actividade en grupo: dividimos a aula en grupos e procuramos información sobre os seguintes apartados que afectan á presenza do idioma galego na vosa escola.

❖ Cantas materias se imparten en galego?

❖ Cal é o idioma de comunicación entre os alumnos, oral e escrito?

❖ E entre alumnado e profesorado?

❖ En que idioma se redactan os escritos oficiais do centro?

❖ Cantos libros de texto teñen o galego como idioma de transmisión dos coñecementos?

❖ Está constituído o Equipo de Normalización Lingüística no teu centro?

❖ Que programa de actividades desenvolve cada curso?

❖ Quen forma parte del?

❖ Que valoración se observa na comunidade escolar sobre o idioma galego: útil, inútil, atrasado...? _____

En que lingua están predeterminados os computadores? _____

5 Un de vós lerá agora en voz alta, como facía Manuel María, este poema para logo responder todos por escrito as cuestións finais:



Manuel María con trece anos

Poema da infancia perdida

*A infancia é a miña patria
verdadeira.
O meu paraíso perdido.*

*Lembro a pureza dos meus soños.
O pasmo que me causaban
as estrelas.
As paisaxes que quedaron
nos meus ollos.
Os contos do avó.
A doce voz de miña nai.
As verbas de meu pai.
Os xogos compartidos
cos irmaos.
E tantas cousas fondas
que forman parte inseparábel
de min mesmo.*

*Aquela pureza xa non é
e teño soedade
daquel neno sinxelo
que antes fun.*

*¡Deixádeme ser triste
ou senón
voltádeme outra vez
a miña infancía!*

Mar maior, 1963

a) Que significa a lembranza da infancia para o poeta?

b) En que estado se encontra no momento presente en que a recorda?

c) Anota os exemplos que aches no poema das seguintes categorías gramaticais:

- ⇒ substantivo: _____
- ⇒ adxectivo: _____
- ⇒ pronome demostrativo: _____
- ⇒ pronome posesivo: _____
- ⇒ adverbio de tempo: _____
- ⇒ preposición: _____
- ⇒ contracción: _____

d) Diferencia con dúas oracións o significado desta parella de palabras: sono / soño.

e) Escribe a familia léxica de:

⇨ pureza: _____

⇨ soño: _____

⇨ ollos: _____

⇨ patria: _____

⇨ soedade: _____

Son familias regulares ou irregulares? _____

6 Constrúe un novo autopoema guiándote polo esquema do de Manuel María.

Poema da infancia perdida

A infancia é _____

O meu _____ perdido.

Lembro _____ dos meus _____

O pasmo que me causaban

As _____ que quedaron

nos _____ .

Os _____ do avó.

A _____ voz de _____

As _____ de meu pai.

Os _____

cos irmaos.

E tantas _____

que forman _____

de _____

Aquela _____

e teño _____

daquel _____ sinxelo

que _____

¡Deixádeme _____

ou senón

voltádeme _____

a miña infancia!

A inmensidade da súa obra

"Non imaxino a miña vida sen a poesía".

Manuel María

A obra literaria e xornalística legada por Manuel María desde 1950 é moi extensa e mostra representativa dunha grande polifacécia por parte do autor. Podemos falar dun Manuel María poeta, doutro narrador, dun terceiro dramaturgo ou tamén do ensaísta, articulista en prensa, crítico literario, etc.

A súa vasta produción, no entanto, tivo que sortear importantes atrancos para chegar a ver a luz en épocas de falta de liberdade como foron as longas décadas de ditadura militar do xeneral Franco, denominadas polo escritor Celso Emilio Ferreiro, contemporáneo e amigo de Manuel María, como unha "longa noite de pedra". Así pois, especialmente perseguido pola censura, esta chegou a impedir a publicación dalgún título seu ou a mutilar os seus escritos. Isto explica que parte da súa obra apenas vise a luz fóra de Galiza, décadas máis tarde de ser escrita, grazas á solidariedade de amigos-irmáns portugueses ou do exilio americano.

A obra de Manuel María acadou moito éxito sempre entre o público e este éxito radica no compromiso do noso autor co seu pobo, con quen se mostra solidario sempre. As preocupacións, as alegrías, os desexos, os medos, etc., dun vólvense propios para o outro.

Moitos dos seus libros tiveron varias reedicións e boa parte da súa obra foi traducida a varios idiomas: portugués, bretón, francés, eusquera...

Leamos algunha destas experiencias nas palabras de Manuel María a respecto da publicación do poemario *Remol*, 1970:

"Remol sai, ao cabo e ao remate, como outros libros meus, patrocinado polo amor e os cartos dos nosos emigrados. Remol sai á luz na Galiza Emigrada -tan metida no meu corazón e na miña lembranza- como saiu hai moitos anos -e esto teño que dicilo con tristura e con desesperanza- Follas Novas, de Rosalía, a mellor poeta do mundo sin dúbida de ningunha clase, que soubo sentir, identificarse e expresar, como ninguén o fixo, o sufrir, o vivir e o ser do noso pobo. Con todo é arrepiante que a historia da edición de Follas Novas volva a repetirse case a un século de ter acontecido".



Con Saleta

1 Explica o significado destas palabras da introdución guiándote polo contexto. Logo, escribe unha oración con cada unha delas:

- Polifacacia: _____
- Dramaturgo: _____
- Vasta: _____
- Ditadura: _____
- Mutilar: _____
- Exilio: _____

2 Olo ao piollo! A escrita das letras B / V pode crear palabras ben diferentes. Escribe unha oración con cada elemento destas parellas:

- Basta / vasta: _____

- Barón / varón: _____

- Baca / vaca: _____

3 Completa estes vocábulos con "B" ou "V":

- Mó__il __isa__ó tro__ador __arrer ri__eira __al
 Ár__ores a__ogado __éspera ca__azo mara__illas co__arde

4 Enumera as ideas fundamentais que se extraerían da introdución (unha idea por parágrafo).

5 Escribe o comentario persoal que che suxira o texto final de Manuel María.

6 Localiza nesta sopa de letras cinco títulos de obras poéticas de Manuel María:

R	E	M	O	L	G	T	I	O	L	O	V	B
F	G	A	D	V	E	N	T	O	A	X	Q	A
F	D	R	A	H	C	A	R	R	E	T	Z	G
X	C	M	P	A	N	X	O	L	I	Ñ	A	S
V	E	A	G	U	P	L	L	F	G	N	M	L
H	G	I	L	P	U	T	R	E	D	F	C	B
C	Z	O	G	L	Ñ	P	O	U	X	Z	Q	A
X	C	R	T	G	B	N	M	O	I	T	U	E

Localiza no web da Fundación Manuel María en que ano se publicaron e a que xénero literario pertencen.

7 Relaciona as expresións das dúas columnas para descubrires novos títulos da ampla produción literaria de Manuel María:

- | | |
|--------------|----------------------------|
| Poemas... | ...do lusco ao fusco |
| Canciós... | ...ao outono |
| Os soños... | ...de pregos |
| Libro... | ...na gaiola |
| Muiñeiro... | ...de brétemas |
| Brétemas... | ...de mimí |
| Poemas... | ...do vento ceibe |
| As rúas... | ...do empardecer |
| Historias... | ...da labarada estremecida |
| O bigote... | ...do muiñeiro |

8 Logo da lectura da introdución á unidade, explica no teu caderno esta cita de Camilo Gómez Torres, estudoso da obra de Manuel María:

"Non se pode silenciar, desprezar, esquecer, minusvalorar a inmensidade e valía da súa aportación en todos os campos da creatividade e da cultura galegas".

9 "Á procura da obra descoñecida". Formade grupos de traballo e procurade información sobre a obra publicada de Manuel María. Cada grupo centrarase nun xénero literario (poesía, narrativa, teatro). A continuación, elaborade un mural colectivo na aula cos títulos de todas as súas obras.

A literatura infantil

1 Un de vós lerá en voz alta este prólogo de Manuel María ao seu libro *As rúas do vento ceibe* (1979).

Carta aos nenos
que pode servir de prólogo a este libro

Moi queridos nenos:

Velaquí o meu segundo volume de versos para nenos galegos. Tiña que ser. Este servidor, con case medio século ás costas que me florea nas barbas, sentiuse na obriga e sobor de todo na necesidade de escribir de novo para os nenos. Para todos os nenos galegos e dun xeito particular para os nenos da cidade, un tanto esquecidos no outro meu libro para rapaces, Os soños na gaiola.

Nos versos deste libro quixen contar dun xeito elemental, sinxelo e esquemático o que é Galiza, o que foi Galiza. E alcender en vós -que sodes o porvir- a chama dunha esperanza para que fagades a Galiza do futuro: unha patria ceibe e popular.

Posibelmente que alguén diga que o presente libro ten certo didactismo. É verdade. Coido que a poesía que non nos ensine algo -o que sexa- non é poesía. Se estes poemas, sinxelos e simples, vos deprenderan a amar a nosa patria Galiza, este voso vello amigo sería o home máis feliz do mundo.

Moitas gracias unha vez máis.

MANUEL MARÍA
Monforte de Lemos, Outono, 1978

NOTA DO AUTOR:

Este libro está concebido para que, a partir dos versos, o mestre/a lle explique aos seus alumnos o que é Galiza. Os versos do apartado "A patria" tratan dos elementos que caracterizan á nacionalidade galega. O derradeiro apartado, "Os héroes", é un sinxelísimo resumo da historia de Galiza.

2 Que idade ten Manuel María cando escribe este prólogo?

3 Cal é o obxectivo deste poemario?

4 Aplica os elementos do proceso da comunicación que interveñen neste prólogo:

⇒ Emisor: _____

⇒ Receptores: _____

⇒ Canle: _____

⇒ Código: _____

⇒ Mensaxe: _____

⇒ Contexto: _____

5 Le para ti este poema do libro *As rúas do vento ceibe* e responde as cuestións que se che presentan ao final do mesmo.

O escudo

*O escudo de Galiza
leva na parte central
un cáliz que simboliza
a lenda do San Grial.*

*E arredor do cáliz, sete
cruciñas en procesión.
¡As sete vellas provincias
que tiña a nosa nación!*

*O cáliz garda o misterio
do vello credo druída:
"SE NON TEMOS LIBERDADE,
¿DE QUE VALE A NOSA VIDA?"*

✦ *As sete cruces, estrelas
do Setestrelo a alumar
todas as roitas da terra
e os camiños do mar.*

*O noso escudo galego
dí dun pasado lonxán,
¡ouh Galiza nación celta,
filla do pai Breogán...!*


As rúas do vento ceibe



*Galiza somos nós:
a xente e maila fala.
¡Se buscas a Galiza
en ti tes que atopala!
Manuel María*

De "Os soños na gaiola"

a) O escudo é un símbolo de Galiza, ao igual que a bandeira. Saberías debuxar esta última ?



b) Seguindo a descrición do escudo que fai Manuel María no poema, saberías debuxalo?

c) Procura información, se a precisares, da lenda de San Grial, das sete vellas provincias galegas e de Breogán. Escribe un breve resumo do contido de cada unha delas.

d) Breogán é un nome propio masculino galego; escribe no caderno en dúas columnas dez nomes galegos de home e dez de muller.

Nomes de home

Nomes de muller

<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>

e) Comentade en grupo o contido da última estrofa do poema e logo escribe, coa túa propia expresión, o que significa para ti.

6 Visita a biblioteca do teu centro e comproba se dispoñen dos dous libros de Manuel María especialmente escritos para os nenos e nenas: *Os soños na gaiola* e *As rúas do vento ceibe*. De non ser así, solicítaos á persoa encargada da biblioteca. A partir destes dous poemarios, podemos facer na aula unha lectura colectiva e progresiva .

7 Como remate de actividade, redixide, achegando ideas entre todos e todas, unha CARTA RESPONSTA A MANUEL MARÍA QUE PODE SERVIR DE EPÍLOGO A ESTE LIBRO.

8 Reparade nesta reflexión de Manuel María e comentade en grupo como pensades que sería a relación entre o poeta e a xente nova. Tivestes a sorte de que visitase o voso centro educativo? Averiguade se foi así antes de chegardes vós ao centro ou se se produciu algún encontro con alumnado maior que xa non está agora no colexio.

"Eu andei por case todas as escolas de Galiza e resulta, como se di agora, moi gratificante. Teño experiencias moi boas de diálogos moi agudos, máis incluso que con universitarios".

9 Un de vós le en voz alta este fragmento do relato *O bigote de Mimí*:

"Ademais da súa xentil figura, o que máis chamaba a atención do Mimí eran os seus ollos verdes, azuis e marróns. E, sobre todo, os seus fermosísimos bigotes facendo xogo cos seus ollos. Uns bigotes tamén verdes, azuis e marróns.

Nunca tales cores se ollaran nos bigotes dun gato.

A verdade é que o Mimí gastaba moito tempo perante do espello preparando neles. Cando había visita na casa, ademais de gobernar o seu bigote ben gobernadiño, perfumábase e gustaba de lucir unha gravata de lazo no pescozo. Se a visita era de moito porqué, o Mimí vestíase de etiqueta, poñía unhas luvas brancas para agachar as súas aguzadas unllas, dáballes a pata de diante aos visitantes moi cortesmente e, se se trataba de mulleres, facíalles unha reverencia coa testa moi cortesá e graciosa.

Un día o Fiz foi co seu pai á barbería. O pai de Fiz tiña unha pel delicadísima ...

Fiz estivo moi atento ao afeitado que Manuel de Paderna lle fixo ao seu pai.

Abriu moito os ollos cando o barbeiro asentou a navalla de barbear nun coiro e prestou atención á operación de enxaboado antes de comezar o afeitado. A navalla, habilmente manexada por Paderna, cantaba na cara do pai do Fiz:

- ¡Ras...rraas...rrraaasss...!

Tanto é así que ao chegar Fiz á súa casa, meteuse no cuarto de baño, puxo unha camisa branca de seu pai que case lle arrastraba e chamou o Mimí:

- Sabes unha cousa, Mimí...?

- E que é?

- Que eses teus bigotes fante moi vello e moi feo.

O Mimí ollouse no espello detidamente e non respondeu.

- Ademais -continuou o Fiz-sen bigote estarías moito mellor, máis cómodo e máis novo.

- Non sei, non sei...

- Os bigotes son un estorbo. Despois de comeres unha sardiña vas cheirando que dá noxo. Cando bebes leite, quédanche os pelos brancos, nin que os calearas".

10 Quen son os protagonistas principais deste fragmento?

E os secundarios?

Que relación manteñen entre eles?

11 Como aparece descrita a figura de Mimí, física e actitudinalmente.

12 Explica o significado da expresión: "ser de moito porqué".

13 Continúa a historia narrativa até desenvolverlle un final. Lédea en alto, ordenadamente, na aula e comprobade as diferentes opcións escollidas. De ser posíbel, localizade o libro na biblioteca e comprobade se alguén coincide co orixinal de Manuel María.

A escola da Tebra

Muiñeiro de brétemas inaugura en 1950, xunto con *Fabulario Novo* (1952), do autor Cuña Novás, unha nova etapa na literatura de posguerra que se basea na elocución dun discurso poético domi-



Con Manuel Beiras, Uxío Novoneyra e Bernardino Graña

nado polo pesimismo, pola anguria, o tenebrismo e pola ruptura coas conven-
 cións rítmicas e métricas. É así como nace a corrente poética coñecida como
 Escola da Tebra conformada por autores e autoras nadas entre 1930 e 1940
 (Manuel María, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Bernardino Graña, Avilés de
 Taramancos...), que non viviron tan intensamente a guerra civil, mais que si su-
 friron as crueis consecuencias dunha interminábel posguerra. Unha xeración
 moi posicionada ideoloxicamente e que asume compromisos políticos fortes
 encamiñados a romper co galeguismo culturalista e reconstruír o nacionalismo
 político activo. Neste sentido, moitos autores desta xeración participarán activa-
 mente na fundación da Unión do Pobo Galego e do Partido Socialista Galego en
 1963. Outras obras poéticas de Manuel María que continúan con esta liña exis-
 tencialista, cuestionadora da realidade vital inmediata son *Morrendo a cada intre*
 (1952) e *Advento* (1954).

1 Á vista da información que acabas de ler, como poderías explicar o título do poe-
 mario *Muiñeiro de brétemas*?



"Con Muiñeiro de brétemas comecei, hai anos, as miñas andaduras poéticas. O librito publicárase na pontevedresa colección Benito Soto, facendo o volume X, no ano 1950, grazas aos bos oficios e ao interese xeneroso do gran poeta e inesquecível amigo Aquilino Iglesia Alvariño. Fora escrito un ano antes, polos meses do verán, no meu Outeiro de Rei natal. Moitos dos seus versos están compostos á beira do Miño, no Campo da Santa Isabel. Eu tiña entón dezanove anos, un bacharelato recién rematado, moi pouca cultura literaria, toda unha vida diante de min aínda sen gastar e unha capacidade de entusiasmo case ilimitada. Dos poetas galegos, ademais de Rosalía e Curros, coñecía os poemas incluídos nas escolmas de Carré Aldao e Álvaro María de las Casas, xa dende os meus tempos da escola primaria. Os poucos poemas de Manuel Antonio e de Amado Carballo, que lera na escolma de Álvaro María de las Casas, deslumbráranme e as súas pegadas aí están, e ben doadas que son de recoñecer, nas páxinas de Muiñeiro de brétemas.

Dende que teño acordo e discernimento sempre me sentín totalmente identificado coas xentes do meu país, coa súa fala e coa súa cultura, que fun descubrindo pouco a pouco, apaixonadamente e dun xeito anárquico. Así foi como naceu Muiñeiro de brétemas que, se algún mérito ten e algo vale, é o de ser o primeiro libro publicado en galego e en Galiza por un mozo despois da guerra civil. Cando saíu á luz eu non sabía que a este meu primeiro libro lle cabía a honra e a responsabilidade de cumprir un papel histórico: servir de vence-llo entre a literatura galega de anteguerra e a de posguerra. Por iso lle teño un agarimo especial".

2 Como se define Manuel María no momento de escribir *Muiñeiro de brétemas*?

3 Cantos anos tiña o poeta no momento da súa redacción?

4 Por que se considera este libro fundamental na historia da literatura galega?

5 Completa este poema con este vocabulario onde corresponda (doces, muíño, luz, alba, depenicaban, asubiaban, foguetes, preta, silveiras, cerdeiras).

Alborada

Xogando na _____ da _____
 con aguilladas de sombras
 muiñabas _____ brisas
 no teu _____ de folla.

Os ventos, que non te oían,
 cos seus _____ de flores
 _____ nas eiras
 garabullos de milleiros.

_____ os merlos
 alalás entre as _____.
 ¡E a _____ noite morría
 aforcada nas _____!

6 Que figuras literarias se esconden na última estrofe?

7 Le atentamente o seguinte poema:

Anceio

*Quixera poder escribir un poema sinxelo,
emocionado, puro e branco.*

*Un poema perfecto, ausente de ritmo,
case sen palabras.*

*Un poema leve e fino que conteña todas
as dimensións imprecisas do meu ser.*

*¡Se puidera escribir un gran poema
- espírito, carne, lume - que pechara
as miñas tristezas, as propias mágoas!*

*Sei que nunca endexamais eu lograrei
un poema puro, puro, total e misterioso.*

*¡Se fora capaz de despir o meu espírito
nun máximo poema
feito só de amor, de luz e de nostalxia!*

Advento, 1954

a) Analiza a métrica deste poema.

b) Estrutura o poema en partes de xeito xustificado.

c) Recolle a listaxe de adxectivos que cualifican "o poema".

En palabras túas, como é o poema que procura o eu lírico?

d) Como é o estado anímico dese eu lírico?

e) Como xustificarías a opción léxica "dimensións" para o plural de "dimensión"?

Correspóndese coa túa fala espontánea? _____

Correspóndese coa norma culta do galego moderno? _____

f) Redixe unha última estrofe coherente co contido do poema completo.


g) Como xustificas o título do poema en relación co seu contido?

h) Coñeces o significado da palabra "advento" que dá título a este libro? _____
 Por que o escollería Manuel María en 1954?

8 Le con detemento esta descrición dos anos da posguerra e da ditadura militar feita por un contemporáneo de Manuel María:

"Era unha fame auténtica. Distribuíase todo a base de racionamento. Non había aceite, que no mercado negro chegaba a prezos fabulosos; estaba o chamado prato único; formábanse colas para o pan ou mesmo para o tabaco. Eu experimentei esa fame... Era unha vida triste, deprimente. Quizais os que estaban no poder ou nas súas beiras estiveron a gusto pero a xente do común pasámolas negras. E así foron bastantes anos ... O cambio foi completo até nos costumes. Ocorrênsese dúas cousas: á praia non se podía ir con pantalón curto nin as mulleres coas pernas ao ar. Había que ir en albornoz até a beira do mar para se bañar e tomábase o sol cobertos. Había un servizo de gardas municipais que vixiaba que non se producisen escándalos eróticos. Outra cousa foi a supresión das festas de carnaval e a súa conversión en festas de primavera, prohibindo os disfraces".

Francisco Fernández del Riego.



9 Comentade en grupos, de xeito oral, o texto anterior.

10 Procurade información sobre a posguerra galega e española que vos axude a entender o posicionamento comprometido a partir da dor e da tristeza impotente de Manuel María e dos seus contemporáneos. Acudide a fontes vivas (avós, bisavós, veciños e demais persoas que puidesen vivir de forma máis ou menos directa a posguerra). Recollede todas aquelas prohibicións de feitos ou actos que hoxe para vós son normais e frecuentes neste tempo de democracia.


O poeta da Terra Chá

*Eu amo a Terra Chá, sempre tan miña.
Eu amo a Terra Chá tal como é:
ja súa seiva corre no seu sangue
e alúmame, a súa luz, o corazón!*

Canto á Terra Chá

Estes versos do poemario *Terra Chá* son ben denotadores da querencia e da atracción que a terra nai producía en Manuel María. A publicación en 1954 do poemario *Terra Chá* inicia unha nova xeira poética marcada pola total identificación do poeta co mundo labrego galego, iniciando así "un camiño de sinxeleza na poesía". Esta sinxeleza refírese ao feito de retomar o poeta a raíz popular, isto é, metros tradicionais (sirventés, tríada ou copla), recursos igualmente populares (paralelismos, repeticións, rima ...), vocabulario tradicional, etc.

A Galiza esencial é a protagonista e a musa inspiradora dun total de 113 poemas na edición definitiva, agrupados en diferentes bloques temáticos: Terra Chá, A xente, Romaxes, A terra e o labradío, Prados, Os animais, O tempo, As árbores, Os paxaros, As cousas.



1 Lede en voz alta a estrofa que introduce esta unidade e explica a intención do poeta ao escribila. Logo, explica coas túas palabras no caderno de actividades.

2 Volve á actividade 7 da unidade 1 e refresca a memoria sobre a localización da Terra Chá. Logo, procura en bibliografía tradicional e virtual esta comarca e anota os datos que che parezan máis relevantes.

Por último, redixe no caderno unha carta a un amigo ruso que, sorprendido polo renome deste poeta e dos seus textos traducidos ao seu idioma, quere saber máis sobre o lugar que tanto amou Manuel María.

3 Comentade entre todos e todas esta cita de Manuel María a propósito da Terra Chá:

"Un día nunha viaxe desde Outeiro de Rei ao Miño vin o libro. Vino claramente. O libro das paisaxes. Despois o impulso verdadeiro veu dado cunha lectura moi atenta de Novoneyra e eu mesmo dos versos".

Marcade no mapa da unidade 1 anterior o percorrido que sinala Manuel María na cita.

4 Procurade información sobre o grande amigo de Manuel María, Novoneyra, coñecido como o "Poeta do Courel". Anota os datos que che parezan máis importantes.

5 Repara nos seguintes datos e valora cal foi a acollida do público para con este poemario.

"En abril de 1954 sae en Lugo o *Terra Chá*, nesta primeira edición con 55 poemas (...) en 1967 sae a 2ª redacción, con 91 poemas; en 1972, a 3ª, con 100 poemas; en 1980, a 4ª con 105 poemas; e en 1989, a 5ª, con 110 poemas e en 2001, a derradeira, con 114 poemas".

6 A continuación, reproducimos os títulos de varios poemas; tenta deducir a que bloque temático dos indicados na introdución poden pertencer:

- ✓ Vilalba _____
- ✓ Homenaxe ós poetas da Terra Chá _____
- ✓ Sementeira _____
- ✓ A Santa Isabel de Outeiro de Rei _____
- ✓ As patacas _____
- ✓ Herba seca _____
- ✓ A cotovía _____
- ✓ Gando _____
- ✓ Orballo _____
- ✓ Abeneiro _____
- ✓ O melro _____
- ✓ Muíño roulón _____

7 Ponlle agora un título a estes poemas. Se é posíbel, o profesor/a poderá facer unha audición con estes temas musicados:

a) *O cuco, cuco, cuqueiro.
O cuco, cuco, cucón.
¡Madrugón e cantareiro!
¡Cantareiro e madrugón!*

*Óise pola carballeira
o vello cuco souril
ó nacer a Primavera
entre o Marzo e o Abril.*

*¡O vello cuco, cucou
e moito máis cucará!
¡O cuco non me capou
e nunca me capará!*

*Polas mañás ben cediño
o cuco canta "cú-cú".
¡Como o teño por veciño
eu trato ao cuco de tú!*

Título:

b) *Non canta na Chá ninguén.
Por eso o meu carro canta.
Canta o seu eixo tan ben
que a sefiardade me espanta.*

*Non hai canto tan fermoso:
fino como un asubío.
Anque é, ás vegadas, saudoso,
faise, no ar, rechouchío.*

*O meu carro é cerna dura:
sábese carballo e freixo.
¡Que fermosa a súa feitura!
¡Que lixeireza a do eixo!*

*As cousas vanse aledando
por onde o meu carro pasa.
¡Carrétame herba pró gando!
¡Tráime a colleita prá casa!*

Título:

8 Que significa a expresión "tratar de tú"?

9 Por que pensas que Manuel María usa o pronome tónico "tu" no canto de "ti"?

10 Troca a palabra "cuco" polo nome doutro animal e créalle un poema axeitado de dúas ou tres estrofas mantendo o mesmo esquema métrico.

11 Investigando no tempo. Até non hai moito tempo, o carro formaba parte da vida diaria de calquera casa de aldea.

- Tamén foi así na túa? _____
- Desde cando non hai carro? _____
- Conservádelo aínda en uso ou de adorno? _____
- Desfíxose a túa familia del? _____
- Hai algún carro na zona onde ti vives? _____
- Cal foi o aparello que substituíu o carro? _____
- Recolle de informadores orais vocabulario pertencente ás partes do carro.

12 Le o seguinte poema e analiza as cuestións que che propoñemos ao final do mesmo:



Con Suso Vaamonde, na homenaxe da AS-PG

Labrego

*¡Pra escravo o labrador!
No Inverno móllase.
No Vrao derréteo o calor.*

*A súa vida é incerta:
ó sementar non sabe
se acerta ou non acerta.*

*Pra lograr unha anada
ten que contar co sol,
coa auga, coa xeadá...*

*Como a terra é cega,
se lle dá froito un ano
o que vén xa llo nega.*

*Así vive o labrador:
¡comendo pan regado
con sangue e con suor!*

Terra Chá, 1954

a) Con que adxectivo se cualifica o labrador, a vida do labrego e a terra?

b) Resume brevemente o contido do poema.

c) Por que se pode dicir que este poema ten un sentimento máis comprometido e crítico que calquera dos anteriores que lestes?

Construír unha patria

Manuel María pretendeu coa súa palabra que as galegas e os galegos fosen conscientes de pertenceren a unha nación, Galiza, que tiña unha historia agachada e un idioma de seu, durante moito tempo marxinado e perseguido. Eis a razón pola que participou activamente na vida política desde o nacionalismo; velaí tamén a causa de que na súa obra Galiza e a reivindicación dos seus sinais de identidade sexan o cerne da súa temática: os feitos e figuras históricas do país, a lingua galega, ... Eis a razón pola que se dirixía sempre a un "vós" (galegas e galegos) e tamén o motivo polo que participaba en calquera acto (conferencias, pregóns, romarías, brindes, poemas ou pezas dramáticas de encarga) que servise para dignificar a súa patria e a súa lingua.



En Compostela, o Día da Patria

1 Le atentamente o seguinte poema:

*A nosa Historia cabe
 en poucas páxinas:
 o sangue vertido
 no Medullo,
 as revoltas Irmandiñas,
 Pardo de Cela,
 a voz dos Precursores
 ardendo
 en luminosa profecía:
 Faraldo,
 Brañas,
 Rosalía,
 Curros,
 Pondal,
 os Mártires de Carral,
 Vilar Ponte,
 Cabanillas,
 Alexandre Bóveda,
 Castelao de Rianxo,
 a ringleira sen fin
 dos emigrados...
 Ao lembrar
 a nosa Historia
 verdadeira
 todo o noso ser
 se pon en pé,
 a nosa conciencia
 esperta alporécida,
 ferve o noso sangue,*

*latexa máis forte
 o noso corazón,
 sentimos a forza
 das raigañas
 que nos xungen
 á terra
 ie ao seu sino;
 escoitamos como
 a voz do vento
 nos relata
 os feitos memorábeis,
 esquecidos adrede
 nos manuais ao uso.
 As árbores,
 os camiños,
 os penedos,
 os ríos,
 os cruceiros
 gardan a lembranza
 daquelo que nunca
 poderemos esquecer
 porque é o que
 nos fai sentir pobo
 e nos empuxa
 cara un futuro
 que temos que facer.*


Aldraxe contra a xistra, 1973

2 A quen pensas que se refire Manuel María co posesivo "nosa" do primeiro verso?

3 Explica os versos "os feitos memorábeis,/ esquecidos adrede/ nos manuais ao uso"

4 A partir do poema de Manuel María e buscando información na biblioteca, trazade unha liña do tempo cos diferentes personaxes e feitos históricos que se citan. Podedes facelo da seguinte maneira:

- Facede grupos de 3 ou 4 persoas
- Buscáde nunha enciclopedia a data dos diferentes feitos e personaxes
- Escribide a primeira data da liña no inicio e a última ao remate. Asignade o mesmo número de centímetros de distancia para cada século ou medio século.
- Ordenade os personaxes e feitos que queredes situar na liña e situádeos no punto correspondente; podedes alternar a raia inferior e a superior para que quede máis curioso.
- Utilizade diferentes cores para os distintos períodos.



5 Unha vez que tedes a liña do tempo feita, imos colaborar todos os da aula para facermos un mural sobre a historia de Galiza. Engadimos máis datas, feitos históricos e personaxes relevantes e buscamos imaxes, debuxos, textos que os acompañen. Podemos facelo en cartolinas, dedicando unha a cada século ou período ou ben nun papel branco continuado que sirva de fondo. Despois pegámolo na aula.

6 A seguir temos un fragmento da peza teatral de Manuel María, *Unha vez foi o trebón*. Na mesma dramatízase a revolta dos irmandiños. Preparade, primeiramente, unha lectura dramatizada por parellas.

"DIEGO DA PENELA.- Veño pagar a mañería.

ALCALDE.- (remexendo nas follas do libro).- Aínda non pagache a loitosa pola morte do teu pai. Non sei como o señor ten tanta pacencia con vós. Se un se descoida unha miguíña xa abusades e procurades quedarvos co que non é voso.

DIEGO DA PENELA.- Afellas que non puiden. Despois de pagar o enterro do meu vello quedei sen nada. Xúrolle, señor Alcalde...

ALCALDE.- Ben vos coñozo dende hai moitos anos. Coñózovos como se vos parira. Así que non me xures nada. Agora, para herdar, vés moi agudo pagar a mañería. ¿coidabas que me iba esquencer de que non tiñas pagado a loitosa, non? O vello deixouche bos eidos, con muíño e larganzas de monte. ¡Teu pai era un bo vasalo!

DIEGO DA PENELA.- O lugar aínda non tiña queixa. Mais teño que o repartir con meus irmáns. A meu irmau Lois merquelle a parte que lle tocou.

ALCALDE.- ¡E aínda te choras! Así que, ademais da loitosa pola morte de teu pai e da mañería por herdar, agora tes que pagar tamén a enliza pola parte que lle mercache a teu irmau.

DIEGO DA PENELA.- A enliza tena que pagar meu irmau que foi o que vendeu. Eiquí traio a escritura: óllea.

(Móstralle ó ALCALDE un pergameo que o ALCALDE tan sequer olla.)

ALCALDE.- Non te molestes. (Con sorna). Creo na túa palabra. Calqueira pilla agora a teu irmau. Ti pagas a enliza e logo cóbraslla a teu irmau. E se non che quere pagar denúncialo.

DIEGO DA PENELA.- ¡Eu non podol! ¡Vou a quedar por portas! ¡Xúrolle que non podol!

ALCALDE.- ¡Déixate de comedias! Ou pagas ou quedas sen os eidos. Considera o que che convén. Ai, xa me esquencia: tamén tes que pagar a movicia.

DIEGO DA PENELA.- ¿Cómo a movicia?

ALCALDE.- ¿A túa muller non é de Outeiro?

DIEGO DA PENELA.- É sí señor.

ALCALDE.- ¿E non vive contigo na Penela?

DIEGO DA PENELA.- Vive sí señor.

ALCALDE.- Pois logo é moi craro que a túa muller se mudou de lugar. O que quere decir que tes que pagar a movicia.

DIEGO DA PENELA.- ¡Ai de min! ¡Son perdidíño! ¡Quedo por portas para toda a miña vida! ¡Nunca máis poderei erguer cabeza!

ALCALDE.- Deixa esas prosmeiradas que xa me dá noxo escoitalas. Ou pagas ou quedas sen eidos. Outros os están desexando. E por derriba pasarás unha tempada nos sótanos do castelo. ¿Entendíche?

DIEGO DA PENELA.- Entendín, si señor. ¡Ogallá non entendera!

ALCALDE (nun rauto de carraxe).- ¡Mamalós! ¡Vilaos! ¡Xente ruín e fusquenlla! O señor dabondo aguante ten con vós, caste de raposos, piollosos e famentos. Si vos fixera pendurar das almeas da torre do castelo pra ser comida dos boutres e dos corvos, os demais que son como vós, aprenderían dunha vez.

Decídelle ós vosos veciños que denantes dunha semana quero ollalos eiquí a pagar o fonsado, o conducho, a fogaza, a moeda, os portazgos, os foros... E que todos traian ferramentas e os carros cos seus bois xunguidos. Cómpre facer algunhas obras no castelo e hai que traballar de firme. Que veñan tamén fornecidos de pan, viño, centeo, trigo e castañas para lle ofrecer ó señor, que ten moitos gastos. ¡E que non teña que repetir de novo a orde!"



Representación teatral en Carral, A Coruña

7 Describe as características dos personaxes a partir das súas palabras, dos seus xestos, ou doutros datos que coides importantes. Se non aparecen no texto trata de deducilos.

8 É unha relación de igualdade a que hai entre os dous personaxes?

Por que?

9 Na peza fábase de moitos impostos; que é un imposto?

Procurade a definición dos que aparecen no texto.

10 Busca no texto oracións de diferentes modalidades: enunciativa, imperativa, exclamativa e interrogativa. Predomina algunha?

11 Realizade, por grupos, un cartel que anuncie a representación de *Unha vez foi o trebón*. O argumento sitúase na época dos irmandiños. O pobo quéixase porque non pode pagar os impostos que cobran os nobres e a xustiza tampouco os defende. Os irmandiños rebélanse, dirixidos por Diego de Lemos e Alfonso de Lanzós, mais, finalmente, sofren a derrota.



UNHA VEZ
FOI O TREBÓN

Home do seu tempo

Manuel María foi sempre a voz do pobo, a voz dos que sofren a historia, a voz das clases populares: labregos, mariñeiros e obreiros. A súa escrita denunciou as inxustizas cometidas en nome do poder: os embargos de terra aos campesiños, a contaminación dos mares que acaba co medio de vida dos mariñeiros, as inxustas condicións laborais dos traballadores, a penuria económica que sofre o país e que aboca a xente a emigrar, etc. Identifícase co pobo que conserva o idioma galego e critica duramente aqueles que queren converterse en "señoritos".



Intervención nun mítin electoral

Le atentamente o poema de Manuel María titulado "Emigrantes".

*Lonxe da súa xente, do fogar,
da patria imaxinada,
da propia fala,
dos vellos amigos,
das paisaxes coñecidas,
de todo o que se ama,
un síntese perdido: fría
soedade valeira arrepiante,
ensumíndose nun avesío
do que non se sae endexamais.*

A luz resucitada, 1948

a) Resume nunha frase o tema do poema.

b) Busca no dicionario o significado das palabras que descoñezas.

c) Subliña os substantivos do poema e búscalles algún significado común.

d) Separa os adxectivos segundo teñan un significado positivo ou negativo e repara en cal é a súa función no poema.

Positivos:

Negativos:

e) O texto comeza cun adverbio de lugar, "lonxe". Escribe todos os adverbios de lugar que coñezas.

f) Despois de leres o poema e analizares a maior parte do léxico, que visión dá Manuel María da emigración? Razona a resposta.

2 A preocupación de Manuel María polos labregos levouno a facerlles moitos poemas. Por exemplo, esta "Oda aos labregos":

*Nestes días primeiros de Nadal
nos que as xeadas debuxan
marabillosas figuras nos vidros
das fiestras e o ar é un coitelo,
penso nos labregos.*

Penso

*no ben que o pasan nos seus lares,
tan deliciosos, cómodos e quentes.
Matino nas corredeiras limpas,
iluminadas, cumpridas e asfaltadas.
Cavilo na fermosa vida das aldeas,
no envexábel dos días campesións.
E, sobor de todo, medito longamente
no divertido que é ir apañar
nabos -o gando ha de comer-
baixo a choiva xeadada e o corisco
ou baixo o ton poético
mantelo branquísimo da neve:
a xistra quéntalles os ósos
e condecóranlle as maos os sabafiós.*

Odes nun tempo de paz e de alegría, 1972

a) Consideras que a descrición que se fai no poema da vida dos labregos se axusta á realidade? Por que?

b) En que época do ano se sitúa o poema? _____

Desde o punto de vista climatolóxico como é para os labregos?

c) Explica coas túas palabras a imaxe que fai do ar: "o ar é un coitelo".

d) Engade vinte palabras do campo semántico da climatoloxía ás que ten o poema.

e) Utiliza a mesma técnica de Manuel María e escríbelle unha "Oda aos/ás obreiros/as".

3 Manuel María identificábase coas clases populares e tamén coa literatura creada polo pobo e transmitida oralmente. Leamos con atención o seguinte fragmento dun artigo do escritor lugués.

Encol da canción popular

"Este, servidor, que é curioso de moitas cousas e especialista en ningunha, ten cavilado, en moitas ocasións, como nacería a poesía popular. Sospeita que agromou da soedade. Do medo do home a atoparse consigo mesmo. Da necesidade do ser humano de comunicación. Os primeiros poemas líricos populares xurdiron, posiblemente, en xeito de canción dos beizos dun pegureiro, dun mariñeiro, dun labrego, dun camiñante. Estes poemas eran unha compañía pró cantor e, ó mesmo tempo, un diálogo co mundo circundante, coa paisaxe. Moitas destas cancións teñen ritmo de arada, de malla, de outras labores agrícolas ou mariñeiras. Máis tarde pasaron á comunidade e cantáronse en romerías, fiandós, seiturás, mallas, esfolas... O povo foínas luíndo e mellorando ó pasar de beizo a beizo, de xeración a xeración. Algunhas son insuperables como esta triada:

*Lembro unha noite do vran.
Ti contabas as estrelas,
eu as herbiñas do chan.*

Estas poucas palabras describen eso tan maravilloso e fermoso que é unha parella facendo o amor. Nese contar estrelas hai un afán de trascender e trascender ó mundo cósmico, un anxeo de infinito. No contar herbiñas do chan está craro un fondo senso panteísta. (...)

Debido ás agresións que recibiu e recibe a nosa comunidade étnica e nacional, a poesía popular vai morrendo e non se renova. Os pegureiros -os rarísimos que quedan- levan consigo un aparello de radio. Tamén os mariñeiros, ós que o ruído do motor da súa barca non lles permite cantar. O funxar molesto do tractor acompaña ó labrego. As idas e as voltas das romerías fanse en autos. Os transistores e os televeos -con licencia das caras honradas- están metidos en tódolos recunchos. A xente depende as cancións que eses aparellos lle fornecen. Cancións ditas noutra língoa allea, de pésima calidade na meirande parte dos casos. Esta realidade vai cegando a sensibilidade da xente, o gusto pola palabra, pola fantasía e pola beleza.

Sustitúese o sentimento auténtico pola sensiblería sentimentaloides. A xente para expresarse, non crea súa propia expresión, utiliza un produto de consumo. Cada vez a despersoalización avanza, a xente é cada vez menos individuo para converterse en masa. E o que é moito máis grave e arrepiante: mátase o poder da creación popular. E isto sábeno moi ben as multinacionais discográficas e os políticos."

Andando a terra

4 Manuel María creou moitas cantigas semellantes ás populares:

"O galego que se marcha
dáme mágoa e compaixón.
¡Maldigo a esa inxustiza
que se chama emigración!"

"Dá noxo ollar aos galegos
que renegan da súa fala.
¡Somentes por ser a nosa
temos deber de falala!"

"Os ricos din que o traballo
dignifica ao ser humán.
E ao pobre traballador
¡trátano o mesmo que un can!"

"Eu sempre ando namorado,
coido que teño razón:
¡quero levar ben gastado,
cando morra, o corazón!"

Escolma de poetas de Outeiro de Rei, 1982

a) Propoñémosche, a seguir, que completes ti as seguintes cantigas populares; ollo coa rima e o número de sílabas:

"Ao casarvos dixo o cura
cos seus ollos churrusqueiros:
animaliños de Deus
estabais mellor _____ "

"-Por que non cantas, paxaro?
-Porque non teño _____ ;
non se fai cousa de noite
que non se saiba de _____ "

"Arrimeime a ti, loureiro
pensando que eras calado;
loureiro lingoreteiro
canto de min terás _____ !"

"Pedinlle leite á _____
a vaca pediume _____
pedinlle herba ao _____
e o prado pediume _____ "

b) Recitade na aula cantigas populares que coñezades. E cancións tradicionais? Quen sabe como segue a letra das que comezan?:

"Éche un cantar miudiño..."
"A Virxe de Guadalupe..."
"Ollos verdes son traidores..."
"Polo río abaixo vai..."

c) Realizade un debate na aula sobre o tema que denuncia Manuel María no último parágrafo: "A canción actual é un produto de consumo que non ten calidade". Relede os parágrafos finais do texto de Manuel María para verdes outras ideas que apuntan.

d) Organizade un coloquio para pór en común os vosos referentes musicais galegos.

A escrita

Son numerosos os textos en que Manuel María reflexiona sobre o papel do escritor e da literatura. El foi un escritor que estivo sempre apegado á realidade do tempo e do país en que viviu, sen por iso pecharse ás novidades sociais, culturais e literarias que se producían no resto do mundo. A súa poesía destaca tanto pola variedade temática como pola variedade formal. Na súa obra son cuantiosas as referencias a escritoras e escritores da nosa literatura, a imitación de formas e temas da poesía medieval, sen esquecer a alta estima en que tiña a literatura popular.



MANUEL MARÍA

«DEFENDER A ULTRANZA O NOSO NON DEBE SIGNIFICAR ESTAR CONTRA NINGUÉN»

MARÍA XOSÉ PORTEIRO

Manuel María, poeta da terra («a miña muller dixo un día que eu era unha árbore, un pedazo de terra que andaba polo mundo, e gustárame que fora verdade»). Lector impenitente, di ler de todo, fundamentalmente poesía, ensaio, bastante teatro e narracións curtas. Literariamente identifícase con toda a lírica galaico-portuguesa, e «con Rosalía, sempre Rosalía, e os nosos grandes clásicos como Cabanillas e Noriega». Interésalle tamén toda a literatura portuguesa («que coñezo regularmente»), a poesía medieval, e a provenzal. Non lle gusta adxectivar a poesía porque: «A poesía é poesía sen máis; todo o que o ser humano pode dicir, maxinar ou soñar é materia poética. É tan lexítimo que un señor con militancia política faga poesía sobre iso como que a faga sobre a paisaxe». E da chamada poesía social opina que «molesta cando é actual, pero os grandes poemas da humanidade son políticos: *A Iliada* canta a a destrución de Troia; a *Eneida* escribiuna Virxilio, por encargo, para deificar ó emperador Augusto, e o Dante meteu ós seus inimigos políticos no inferno... Dicar que algún tema vale ou non para a poesía é unha censura inadmisíbel».

Sempre optimista, Manuel María opina que estamos a vivir «un momento de cambio total porque creo nos atavismos e que o ser humano é produto da súa historia. Polos avances da ciencia e da técnica, estamos no final dunha civilización e no comezo doutra, nun vértice entre dous tempos, no que a xente se desprende da cultura que herdou sen chegar a dar asimilado a outra. É un momento semellante ó final da Idade Media e comezo do Renacemento, ou ó que deixou atrás ó Racionalismo para dar paso ó Romanticismo. Hoxe a cultura, a arte, as crenzas, están movidos

pola técnica e polos medios de comunicación. Estase a pechar unha época histórica moi importante». Asegura non ter ningún inédito no caixón e si algúns proxectos como o encargo dunha editorial para facer un libro sobre as sete cidades do vello reino de Galicia, unha escolma en marcha dos seus artigos xornalísticos e a ilusión de escribir un gran poema adicado ó río «un libro enteiro sobre o río Miño». Escritor telúrico, que asegura que o espectáculo máis marabilloso é a contemplación dunha paisaxe, está gozando ó máximo da explosión de cores da primavera luguesa: «o amarelo dos toxos, das xestas, a flor branca dos piornos... é todo algo asombroso; o agromar das flores nos prados é unha marabilla, coas campaiñas amarelas, as cucas e as margaridas», pero bota de menos na paisaxe chairega destes tempos «os grandes agros de centeo da miña mocidade. Cando o centeo ia algo medrado, alá por maio, era emocionante; facía ondas coma o Miño cando vai caudaloso». Manuel María foi, sen dúbida, un ecoloxista precursor. Anda estes días a reler a Celso Emilio, «ó que volvo sempre. En *O soño sulagado* hai un verso no que di: Xa non te quero abril, camelia murcha... É un verso co que me identifico moito».

Na flor da súa madurez, Manuel María Fernández Teixeiro, o poeta de Outeiro de Rei, conformárase con que Galicia normalizara a súa lingua, porque «así faría a súa cultura —a nosa cultura— expresada no noso idioma e deste xeito iríamos mellor política e economicamente. Non obstante, son moi aberto a todo o de fóra, porque defender a ultranza o noso non debe significar estar contra ninguén. Eu só me declaro abertamente en contra do crime, a intolerancia e a crueldade».

1 Responde ás seguintes preguntas sobre o texto anterior:

a) É unha entrevista?

b) Quen é o entrevistado?

c) Onde están as preguntas de quen entrevista?

Podes deducilas?

d) Como se marcan as respostas do entrevistado?

2 Cal é a definición de poesía que utiliza Manuel María?

3 A partir da entrevista, que coidas que significa "poesía social"?

Poderías indicar algúns dos temas que trataría a poesía social?

Que obras literarias pon Manuel María como exemplo de poesía social?

4 Que referencias á natureza atopas na entrevista?

Coidas que é importante para o escritor chairego?

5 Cales son as súas aspiracións en relación á lingua galega?

6 De que se declara inimigo Manuel María?

Podes definir coas túas palabras eses conceptos e pór un exemplo de cada un?

Redacta un texto persoal en que te declares inimigo de..._____.

7 A poesía de Manuel María destaca pola súa variedade formal: desde o uso do verso libre ás formas máis clásicas. Dos tres poemas que veñen a continuación, indica cal é un madrigal, cal un romance e cal un soneto. Xustifica a túa resposta.

POEMA 1

*Polas terras de Pantón
onde chaman Espasantes,
encovados no seu castro
vivían mouros xigantes
que gardaban ben gardados
tesouros deslumeantes.
Un capitán deses mouros
foi un día a Ribadavia,
corte do rei de Galiza
que nesta vila moraba
na compañía dunha filla
que a todos admiraba.
O capitán dos infieis
despaciño a contemplara,
¡valéndose dun feitiño
a princesiña raptara!
O rei cun enorme exército
cara Espasantes marchara
para liberar a filla
que aquel infame roubara.
Chegaron ao castro mouro
e a fortaleza tomaran:
miraron e remiraron
e alí non acharon nada...
Unhos humildes labregos
ante o rei se presentaran
dicíndolle que os xigantes,
denantes que o rei chegara,
nunhos enormes cabalos
-dun brinco o Cabe saltaran-
fuxiran como centellas
coa princesa malfadada.
Ao saber novas tan malas,
o rei feito león bravo,
ao exército ordenaba
que a fortaleza queimara
¡e estivo ardendo cen días
facendo gran lumeirada...!*

POEMA 2

*Monforte flor dun cantar
feito de luz e alegría.
¡E toda a noite a ruar
no Campo da Compañía!*

*Monforte do meu amor
que levo no corazón:
¡eu son o teu rondador
no Campo de San Antón!*

*Monforte doce ferida
dos meus soñares inquedos.
¡E toda a noite perdida
na rúa dos Abeledos!*

*Monforte luz namorada
do meu soñar verdadeiro.
¡E toda a vida gañada
na Praciña do Piñeiro!*

POEMA 3

*"Lembro aquela pereira vella, escura
que malvivía perto da palleira
e rebentaba en flor coa primaveira
cegando ao mundo todo a súa brancura.*

*Ouh pereiriña urraca de alma pura:
a miña ollada nena e raposeira
percuraba o xeito, o modo e a maneira
de coller a túa froita non madura.*

*A pereira era unha avoa moi vellíña:
daba de corazón todo o que tiña
e máis que ela tivera para dar.*

*Gastouna a vida, morreu sen se enterar
e acabou sendo chama na cocíña.
¡E xa ninguén ocupou o seu lugar!"*

Madrigal: _____

Romance: _____

Soneto: _____

8 Resume en 3 liñas o argumento do romance anterior.

9 Ímonos valer do romance de Manuel María para escribir unha pequena peza teatral. Formade grupos e seguides os pasos que se vos indican a continuación:

- ❖ Caracteriza os personaxes: aspecto físico, personalidade, vestiario, maneira de falar...
- ❖ Divide o romance en escenas.
- ❖ Diálogos entre personaxes: tes que crealos a partir da información de que dispós.
- ❖ Introduce acotacións.
- ❖ Tempo: duración dos feitos. Entradas e saídas dos personaxes da escena.

A Lingua

Manuel María caracterizouse, ao longo da súa vida, pola coherencia entre o seu pensamento e as súas accións. Esta coherencia podémola ver na súa actitude a respecto do idioma galego, do que fixo defensa, uso e promoción. Criticou con rigor a aqueles que desprezaron a nosa lingua, chegando mesmo a renunciar á súa presenza na Real Academia Galega, por considerar que esta institución non cumpría os fins para os que fora creada. Finalmente, ingresou como académico no ano 2003.



No Correlingua da Coruña

1 Barómetro de valores: nesta actividade oral participas con todos os compañeiros/as da aula.

- Para facerdes este exercicio teredes que estar todas e todos de pé.
- En cada recanto da aula poremos diferentes carteis que digan:

ESTOU DE ACORDO
ESTOU EN DESACORDO
NON SEI

- Cada vez que o profesor/a lea algunha das opinións expresadas por Manuel María en relación coa lingua teredes que posicionavros nalgún dos tres espazos. As expresións aparecen despois destas indicacións.
- Ninguén poderá elixir máis dunha vez a posición NON SEI.
- Deben participar todos os alumnos e alumnas.
- Ao posicionavros nunha das direccións deberedes de explicar que razóns vos levaron a ir cara alí.
- Se alguén se convence polos argumentos que dan os compañeiros pode cambiar de lugar.

Expresións de Manuel María:

"O menos que se lles pode pedir aos xornales imprentados en Galicia, para ser verdadeiramente galegos, é que acotío publicaran artigos en galego e que cada semana se lle adiquen páxinas ao movemento editorial galego, á pintura galega, á economía galega, á canción galega, a todo o que siñifica cultura" (1972)

"A maior parte dos mestres moi tristeiro papel fan: ¡nada ensinan de Galiza e falan en castelán! (1978)

"Hai que normalizar o noso idioma si queremos normalizar o noso pobo, porque si o noso idioma é o galego, -e isto xa ninguén o pon en dúbida- o normal é que toda a vida se faga en galego, sendo, por tanto, anormal que se faga noutro idioma." (1981)

"Debe-se facer unha aproximación [ao portugués], claro, mais non se debe forzar. Eu coído que hoxe aínda estamos nunha fase de recuperación do idioma e hai que conseguir que a xente asuma a lingua, normalizar o galego. Logo poderemos pensar en normativizar. Galego e portugués son dous idiomas moi próximos, con fundamentos comúns, e hai que voltar ás orixes." (1981)

"Polo que poidemos comprobar moitos mestres de galego non ensinan galego. O que fan é esixir a normativa como se a normativa o fora todo. A normativa por si mesma é algo accesorio e prematuro, sobor de todo no estadio no que atualmente se atopa o galego. O urxentísimo é que a xente fale -un pouco mellor ou un pouco peor, pro que fale-, lea e escriba en galego, na normativa que sexa ou mesmo sen normativa". (1990)

(Citas tomadas do libro de Camilo Gómez Torres, *O tempo vital de Manuel María*).

2 No poemario *As rúas do vento ceibe* expresa Manuel María o que é para el o idioma:



A fala

O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pensar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa.

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ninguén!

O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!

As rúas do vento ceibe, 1979

a) Depois de leres o poema, sinala con que estrofa te identificas máis.

b) Na última estrofa o poeta apunta "Renunciar ao idioma/ é ser mudo e morrer". Estás de acordo? Que pensas que perdería Galiza se perderamos o noso idioma?

c) O título do poema é "A fala" e, porén, o escritor refírese en todas as estrofas á lingua galega como o "idioma". Hai algunha diferenza entre "fala" e "idioma"?

d) Outras palabras coas que se ten denominado ao galego en diferentes momentos históricos foron *dialecto*, *lingua*, *linguaxe*... Engádelles as dúas anteriores *fala*, *idioma* e outras que se vos ocorran e procedede a definir estes vocábulos e diferenciais.

e) Ademais da lingua, engade outros elementos que consideres que nos identifiquen ás galegas e galegos e nos diferencien como pobo.

f) Engade outras estrofas ao poema que comecen da mesma maneira. Ten en conta que debes manter a rima e procurar que os versos teñan o mesmo número de sílabas que os do poema. Realiza, previamente, o esquema métrico do texto.

"O idioma é... _____

"O idioma é... _____

g) En galego existen moitas expresións feitas referidas á fala e á lingua. A seguir, tes varias divididas en dúas columnas. Tes que unilas e indicar o seu significado:

Ás veces fálase...
 Cando falares de alguén...
 Falar da guerra...
 A lingua ten...
 Moita lingua e...
 A moito falar...
 Fala ben...
 Fálame en acabando...
 Lingua de sete palletas...
 Tendo lingua e que comer...

...poucos feitos
 ...moi bo curral
 ...e estar fóra dela
 ...pénsao primeiro ben
 ...por ter lingua
 ...o home vai onde quer
 ...onde non te chaman, non te metas
 ...que non custa un carto
 ...que estou xantando
 ...moito errar

h) Escribe unha frase con cada unha das expresións anteriores onde quede claro o seu significado.

3 Sabes que é o "castrapo"? Le este poema de Manuel María

Canción para cando se escoita falar castrapo

*Ollade esa antroidada: son galegos,
xente do pobo, sinxela e moi normal.
Olládeos, como un fato de borregos,
falando o seu castrapo "típical".*

*Exprésanse nunha estraña xerigonza,
van falando un idioma que non hai.
E senten gran reparo, gran vergonza,
en falar, como é debido, a fala nai.*

*Ollade aos moi paletos e cretinos
ladrando o seu castrapo por aí,
inteitando ser lidos, cultos, finos,
imitando aos "castizos" de Madrí.*

*Eles, pobres, non poden ser culpados
polo seu idioma, tristeiro e anormal.
A culpa é de quen di: "Sede educados,
que falar en galego está moi mal..."*

Canciós do lusco ao fusco, 1970

a) Define o que é o castrapo. _____

Pon algún exemplo de utilización de castrapo.

b) Neste poema denúncianse algúns prexuízos cara á lingua de moitos galegos; poderías dicir cales son?

Engade ti outros prexuízos que coñezas.

c) Este poema foi escrito no ano 1970, consideras que os prexuízos que sinala están vixentes?


d) Analiza estas caricaturas de debuxantes galegos nas que aparecen moitos dos prexuízos cara ao idioma que denunciou Manuel María.





e) Unha das escusas de moita xente para non falar galego, é dicir que o fala mal. Parácheste a pensar como é o castelán que falan os galegos? Analisa os galeguismos que hai nos seguintes textos:

"A mí te me gusta ir allí algún día, más que nada porque a mis padres les hace ilusión, pero a la que pasan dos días ya me aburro, allí no hay aliciente. Además no me gusta que los niños estean mucho tiempo con los abuelos porque luego no me vengan con tonterías o hablando mal. Una semana que fuimos Toño y yo a Torremolinos, estu-



vimos en un apartamento que era una cucada, con todas las comodidades y mucho más barato todo que aquí, como se nota que te están mucho más adelantados. Bueno, pues los niños quedaron con ellos, con los abuelos, si un matrimonio no se puede divertir un poco luego la cosa no marcha, y pues eso, volvemos, cogemos los niños y ya me vino el Ivancito diciendo "non te amola", como el abuelo. Al abuelo, claro, le hace gracia porque el no tiene que educarlo pero luego yo tuve que darle una buena morrada para que dejase de decirlo y para que no se rían de ellos los otros niños, qué pensarán de una."

Suso de Toro, "Ca, yo no te soy como ellos", Longa lingua. Os contos da Mesa

(Dúas nais falando entre elas simulando a voz dos seus pequenos)

- A Tamara seguro que con quen se vai entender ben vai ser co meu Cristian. ¿A que si Tamara? ¿A que de maiores vais ser amigos?
- Dille: Bien seguro que sí.
- Quen os verá -aventurou Lola collendo no colo ao seu pequeno-. Cristian, ¿no le dices hola a Tamara?
- Tamara dille: Hola Cristian.
- Dille: Hola Tamara, ¿como estás?
- Dille: Muy bien.
- Pégúntalle: ¿De mayor has querer ser novia mía?
- Dille: Aún te soy muy pequeña para pensar en eses asuntos.
- Dille: Ahora me andas a decir así, pero dentro de unos años quien te verá correr detrás mío.
- Dille: Vete de vagar.
- Dille: Venga mujer, que te conozco desde cativa.
- Dille: Los hombres te sois todos iguales."

Manuel Núñez Singala, "De pais a fillos", Longa lingua. Os contos da Mesa

Un ecoloxista precoz

A natureza está presente en numerosísimos textos de Manuel María. Mostra a través da escrita a súa admiración por cada elemento que forma parte da natureza, desde unha folla, unha bolboreta até o pai dos ríos galegos, o río Miño. Os elementos da natureza sérvenlle para expresar o seu estado de ánimo. Por iso non pode entender como respectamos tan pouco o medio ambiente e seguimos a contaminar o Planeta; eis a razón pola que moitos dos seus textos denuncian as desfeitas ecolóxicas cometidas polos humanos.



Ao pé do río Miño

1 Imos ler o poema que lle dedicou Manuel María á vida dunha folla:

Biografía dunha folla

*Agromou a folla. Naceu
para ollar con asombro
ao universo e para
clarificar á Primavera.
Escoitou a música
enfiebreada e delicada
dos paxaros. Tremeu
de desexo e de paixón
cos agarimos mainos
e sutís da brisa
recendente e invisíbel.
Contemplou en viso
a máxica floración
de todo canto existe.
Deuse ao estío.
Ao chegar o Outono
desprendeuse da árbore
que a ataba e, sen máis,
botouse mundo adiante.*



Oráculo para cavaliños do demo, 1986

- a) Que é unha biografía? _____
- b) En que etapas divide o texto a vida dunha folla?
- _____


c) Subliña os verbos que lle aplica o escritor á follá; indican accións que podería realizar unha follá?

d) Rodea os adxectivos que se aplican aos elementos da natureza; son positivos ou negativos?

e) Explica a imaxe do último verso: "botouse mundo adiante"

f) Imos facer un plaxio do poema de Manuel María. Tes que elixir outro elemento da natureza, o que queiras, e escribir a súa biografía.

2 Un dos elementos da natureza que máis lle gustaba a Manuel María eran os ríos. Ao regato do Cepelo dedicoulle moitos poemas como o que ides ler a seguir:



Poemiña do señor Regato do Cepelo

*Nunca tiveche unha arela
de tan humilde e sinxelo:
meu regato do Cepelo,
das Regas ou da Barciela!*

*Malia o teu nome sonoro,
eres regato e non río:
¡o teu caudal tan esguío
nunca encherá un encoro!*

*Mais dices con xentileza,
leve vea rumorosa,
unha canción misteriosa
dunha asombrosa beleza.*

*Se eu te chamo: ¡señoría!,
breve cantor xogoral:
¡ti non mo tomes a mal
que é proba de cortesía!*

Terra Chá, 1954

a) Traede á aula imaxes, postais, fotografías de paraxes naturais. Mellor se son de lugares próximos: unha praia do voso concello, unha fonte, un monte, unha ferverza. Poñemos cada un a nosa imaxe nunha mesa da aula e pasamos a describila oralmente. O resto de compañeiros/as ten que atinar coa que nós trouxemos a partir da descrición (podedes poñerlle un número a cada unha).

b) Despois de realizar o exercicio anterior; elixiremos ao chou cada un unha postal e realizaremos unha descrición da mesma por escrito. Vaiamos por pasos:

- ◆ Selecciona os elementos da imaxe que vas describir.
- ◆ Atendendo á impresión que che causa escribe adxectivos que utilizarías para

a mesma.

- Pensa que temos 5 sentidos para describila: a vista, o oído, o olfacto, o gusto e o tacto.
- A descrición debe seguir unha orde: de atrás adiante; de arriba abaixo...
- Podes valerte de léxico que viramos na poesía de Manuel María ou tamén buscalo nos dicionarios que haxa na aula.

c) Procura as características da composición literaria denominada haiku e escribe un para a imaxe que escollas.

No texto de Manuel María aparecen varios nomes para denominar o regato: do Cepelo, das Regas ou da Barciela. A toponimia está constituída polos nomes propios de carácter xeográfico ou topográfico, isto é, os nomes dos lugares de todo tipo de accidentes da orografía (ríos, montes, vales, cabos, lagos, praias...). Os galegos somos moi dados a poñer nomes propios; na nosa terra temos máis da metade dos nomes existentes no Estado español. Seguro que onde ti vives existen numerosos topónimos: o nome da túa cidade, vila, aldea, parroquia; nomes de ríos, regatos, praias, etc. Recolle os que poidas e intentade clasificalos polo seu significado. A seguir dámosche unha posíbel clasificación teórica dos topónimos atendendo ao seu significado:

• Clasificación semántica dos topónimos:

1) A terra:

- Area: Areal, Areeiro,...
- Barro: Barral, Barreiro,...
- Lama: Lamazal, Lameiro, Lamela,...
- Outeiro: Outeiral, Outeirelo, Outeiriño,...
- Seixo: Seixas, Seixán, Seixalbo, Seixido, Seixoso,...

2) A auga:

Agolada, Ambasmestas, Balsa, Caldas, Caldelas, Fervenza, Fonte, Fontaíña, Fontela, Ribeira,...

3) A flora:

Abeleira, Abeledo, Acevedo, Bugallal, Canaval, Carballo, Castiñeiras, Folgueira, Freixeiro, Louro, Maceiras, Salgueiro, Silva, Toxeiro, Uceda, Xestoso, liñares, Nogueira, Nabeira,...

4) A fauna:

Abelleira, Aguiar, Cabral, Cebreiro, Corveira, Lobeira, Oseira, Touro,...

5) As persoas e os grupos humanos:

Abadín, Frades, Suevos, Cumbraos,...

6) A transformación e posesión da terra:

Vilar, Casal, Castro, Agrela, Acea, Oleiros, Estrada,...

A toponimia reflicte en moitos casos o devir político e sociocultural dunha comunidade. Así, en Galiza, moitos dos nosos topónimos foron castelanizados polas autoridades oficiais, debido á marxinación do galego. Hoxe a Lei de Normalización Lingüística sinala que todos os topónimos do país terán como única forma oficial a galega.

d) Onde ti vives aínda perviven formas castelanizadas? Se é así, poñede os exemplos e galeguizádeas.

3 O noso poeta sempre tivo unha especial sensibilidade para denunciar todos os ataques que sufría o medio ambiente. Dous exemplos:

1) Secado da Lagoa de Cospeito:

*Lagoa de Cospeito: no nome do proveito
levaron a túa auga, secaron o teu leito.
-Maldito sexa.*

*Lagoa de Cospeito: chegou o inimigo
e non descansou ata acabar contigo.
-Maldito sexa.*

*Lagoa de Cospeito: agora só lembranza,
quixeron converterte en campo de labranza.
-Maldito sexa.*

*Lagoa de Cospeito: aquel que te secou
¡que teña o mesmo fin que a ti che dou!
-Maldito sexa*

Poemas para dicirle a dúas lagoas, 1994

2) A construción de embalses que obrigaban a abandonar as súas terras a moitas xentes:

“¿Por qué razón erguerían o embalse naquel lugar...? ¿Porqué o erguerían precisamente naquel lugar e non noutra calquera...? ¡É que non había máis ríos no mundo...? ¿Non correrían máis ríos en lugares isolados e improdutivo...? ¡Pois logo! ¿El non pagaba puntualmente a súa contribución? ¿Non era el, e non o fora sempre, un home de ben? ¿Por qué o querían agora despojar dos seus eidos? Ó non poder resolver satisfatoriamente estas preguntas sentía como unha carraxe xorda e moura lle iba nacendo por dentro. Unha forza inesplicábel iba medrando dentro de si. Algo moi estrano que nunca sentira deica agora e que o facía estar contra todo e contra todos. Non hai xusticia no mundo”

As augas van caudales, 1965


a) Revisade xornais recentes e recollede noticias que afecten ao medio ambiente. Prestade unha atención preferencial a Galiza. Despois comentádeas na aula e facede un decálogo con medidas que axudarían a mellorar a relación entre os seres humanos e a natureza.

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____
8. _____
9. _____
10. _____

b) Finalmente, por grupos, escollede un feito medioambiental dos seleccionados que vos pareza grave. Preparade un guión para un anuncio radiofónico que axude a que non se contamine máis. Pensade na música, nos personaxes, buscade unha frase impactante... e, se podedes, gravádeo!

O amor

O amor inspirou a obra do autor da *Terra Chá*: o amor pola natureza, o amor pola paisaxe, o amor por Outeiro de Rei, o amor pola lingua galega, o amor por Galiza... mais o sentimento amoroso ten na vida e na obra de Manuel María un nome escrito con maiúsculas: SALETA, a súa musa e compañeira desde 1956. Estamos perante un dos escritores que posúe un dos cancioneros amorosos máis completo e ricaz da literatura galega. Desde os primeiros poemas dedicados a un amor ideal, que se concreta na persoa de Saleta no seu poemario *Mar maior*, até os *Poemas da labarada estremecida*, a poesía amorosa estará sempre presente na obra do escritor chairego.



1 O poema que podedes ler a seguir pertence a un poemario que Manuel María dedicaba por enteiro á súa relación con Saleta, *Poemas da labarada estremecida*:

*Non somos xa aquela fogueira poderosa
que ardía en nós
con labaradas xigantescas
nos días da nosa xuventude
cando tíñamos por noso
o canto dos paxaros,
a voz amiga de ríos e regueiros
e a compañía
das vagamundas nubes viaxeiras.
Quedan moi lonxe e moi perto
Outeiro de Rei e a Pastoriza,
a nosa Terra Chá,
as paisaxes luguesas, tan amadas,
agora melancolía sefiardosa,
música nostálxica
que se queima docemente naquel lume
novo e xeneroso que nós fomos,
de chama nidia e fermosísima
como a mapoula, o caravel e a rosa.
Ao longo de moitos anos,
no medio da tristura máis vulgar,
mantemos vizosa e recendente
a purísima flor do noso amor
que agora é
unha brasa que non se consome
e non se consumirá endexamais.
Envelleceremos xuntos
e, cando chegue a hora de partir,
o noso amor non morrerá:
hase transformar na brisa lixeira
que en maio canta emocionada
na escura folla das abelairas
ou no sol ourilocente do Outono
que bica ás carballeiras docemente.*

• *Poemas da labarada estremecida*, 1981



a) Resume nunha frase o tema do poema.

b) Recolle aquel léxico do poema que teña algunha relación co "lume". Que significado lle aporta ao poema?

c) Que elementos da natureza aparecen e que simbolizan?

d) Divide as seguintes palabras nos seus compoñentes, indicando: prefixos, sufixos, lexemas. Despois clasifícaas en simples, derivadas ou compostas.

⇒ fogueira: _____

⇒ poderosa: _____

⇒ xigantesca: _____

⇒ regueiros: _____

⇒ vagamundos: _____

⇒ viaxeira: _____

⇒ nostálica: _____

⇒ docemente: _____

⇒ fermosísima: _____

⇒ tristura: _____

⇒ recendente: _____

⇒ carballeiras: _____

e) Utiliza os sufixos das palabras anteriores e escribe outros vocábulos que leven os mesmos sufixos.

f) Para finalizarmos, imos crear unha narración oral que teña como tema o amor. Realizade os seguintes pasos:

⇒ Cada alumna/o da aula escolle a palabra que máis lle guste do anterior poema de Manuel María. Outro compañeiro vai anotando no encerado (non se poden repetir).

⇒ Por sorteo comezará a narración outra alumna. Pode comezar como queira, mais na frase que diga deberá de estar obrigatoriamente unha das palabras do

encerado que escollese un dos seus compañeiros (nunca a súa). Por exemplo, imaxinemos que alguén elixiu "brisa":

"Aquela mañá unha suave brisa movía as follas das árbores..."

⇒ A alumna/o que dixese "brisa" terá que seguir a narración, continuando a frase e, ademais terá que incluír unha das palabras dun dos seus compañeiros, que será o que siga, e así sucesivamente.

⇒ Cando saia a palabra de alguén, esta ríscase.

2 O seguinte texto é outro poema de amor de Manuel María, mais algún trasno converteuno nun texto en prosa e agora terás que recompoñer os seus versos e mesmo dividilo en estrofas. Seguro que podes!

"Agora que é Outono, miña amiga, miña amante e sinxela compañeira, habémonos chegar deica a ribeira onde o brís deixou unha cantiga. E que sexa Outono quen nos diga os segredos que ten a sementeira, como se foi espindo a carballeira e que promesas granarán na espiga. Nós sabémonos puros e cumpridos ó sentirmos tan un e tan xunguidos nesta paisaxe lene e musical. ¿Non lembras, en Outonos xa vividos, ó río retratar no seu cristal os soños que coidabamos perdidos...?"

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

3 Na unidade dedicada ao amor non esperarías un poema que exprese sentimentos tan pouco amorosos como a "Balada das comparacións":

*Como un fume case inconsistente
que se eslué no ar sen decatarnos.
Como unha palabra a penas dita
que, cando nos quedamos soios e
nos achegamos a nós mesmos,
doe e escoa como unha coitelada.
Como unha ollada chea de odio.
Como a lebre perseguida polo can.*

*Como a cóbrega que escorrega
paseniñamente rente dos balados
facendo un ruído imperceptíbel,
movendo herbas e fentos amodiño,
fuxindo supetamente como un raio.
Como un vómito de sangue e fel.
Como unha ferida chea de pus.
Como a lebre perseguida polo can.*

*Como a auga que chega silandeira
e impensadamente, sulagando
todo o que é posíbel sulagar.
Como o medo que nos invade
con escuros e fondos arrepiños
cando se adona de nós a traizón.
Como o cancro mortal ou o veleño.
Como a lebre perseguida polo can.*

*Como o lume devorador que non fai
chama ni fume, soio brasa,
forza destructora e implacábel.
Como o graznido do corvo cando
clama, nos días invernais, o seu
tristeiro agoiro inconsolábel.
Como a traizón. Como a calofía.
Como a lebre perseguida polo can.*

*Como o crime científico, frío,
perfecto e calculado. Como o
asasinato grauíto feito soio
polo pracer estraño de matar.
Como unha tribo de negros ou
de indios pasados a coítel.
Como o desespero ou o suicidio.
Como a lebre perseguida polo can.*

*Como a envexa, a carraxe e a luxuria.
Como o resentimento e a miseria.
Como a peste, a guerra e máis a fame.
Como a lebre perseguida polo can.*

a) Que sentimentos transmiten as palabras! Como supoñemos que che gusta máis o sentimento amoroso, imos xogar co poema de Manuel María e co seu léxico. Trocando algunhas palabras, o texto podería quedar moi diferente. Un exemplo; en vez de "Como a lebre perseguida polo can" poderíamos poñer "Como o amor conseguido no verán". Ben, ti que es mellor poeta aínda, poderás escribir un grande poema amoroso cambiándolle o léxico ao texto de Manuel María.

4 Propoñémosvos un traballo colectivo: realizarmos unha antoloxía de poemas amorosos da literatura galega.

a) O obxectivo do traballo é que consultemos diferentes materiais relacionados coa literatura galega: enciclopedias, historias da literatura, antoloxías, poemarios, páxinas web, etc.

b) É importante que repartamos as tarefas:

- ❖ Consultar historias da literatura galega
- ❖ Consultar catálogos de editoriais
- ❖ Buscar libros na biblioteca
- ❖ Buscar en internet: páxinas web de escritoras/es; editoriais
- ❖ Seleccionar os textos para o recitado atendendo ao noso gusto persoal
- ❖ Ofrecerse voluntaria/o para ler os textos en público

c) O traballo final constará das seguintes partes:

- ❖ Portada
- ❖ Índice
- ❖ Introducción: onde se explicarán os obxectivos
- ❖ O amor na historia da literatura galega. Antoloxía
- ❖ Conclusións
- ❖ Bibliografía

d) Non desbotes ningún período da nosa literatura: desde os nosos poetas medievais, a literatura galega de tradición oral, Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro, até as escritoras e escritores máis recentes: Pilar Pallarés, Iolanda Castaño, Lupe Gómez, Miro Villar, etc.



Con Celso Emilio Ferreiro

As viaxes

Manuel María ten afirmado que "a paisaxe o é todo". Dándolle a volta á frase, podemos afirmar que todas as paisaxes que coñeceu están presentes na súa escrita. Os lugares onde viviu: Outeiro de Rei, Lugo, Monforte de Lemos, A Coruña, etc. e as terras que percorreu: case toda a Galiza e moitos outros países (Euskadi, Catalunya, Grecia, Italia, Venezuela...). Un dos seus logros foi ensinarnos aos galegos boa parte da nosa terra a través dos seus escritos. El era dos que pensaba que para que poidamos valorar outras terras, primeiramente debemos coñecer ben a nosa.



Con Saleta en Atenas

- 1 A seguir imos ler un artigo de Manuel María sobre a comarca de Ferrol. Mais, antes de facérmolo, podemos poñer en común, oralmente, o que coñece o alumnado da aula sobre Ferrol: cantos a visitaron, cales son as rúas máis coñecidas, que museos ou monumentos destacarían, que paraxes naturais coñecen, etc.
- 2 Coñezamos mellor Ferrol e os arredores no artigo de Manuel María que leva o nome da devandita cidade:

Ferrol

"Nos derradeiros tempos este que escribe viaxou varias veces a Ferrol. De cada viaxe foi traguendo unha impresión distinta da cidade. Primeiramente paseou todo o que queda -que non é moito- do Ferrol Vello, un rincón evocador que garda o engado dos pequenos portos mariñeiros. Logo andivo a urbanización do século XVIII, que é moi fermosa. O racionalismo do XVIII sópulle dar ó trazado urbano, do que hoxe podemos chamar Ferrol clásico, un senso poético e executar unha xeometría elemental e poética que, pese a todo, ten algo de rural. Esa xeometría da que falo, a un labrego como servidor, evócalle as cumpridas cortiñas da súa Terra Chá, ben traballadas cando se usaba o arado romano, cos seus sucos dereitos como fíos, cos seus cadullos e cos seus madoiros. Son rúas humanas e racionais. Cada casa está individualizada e os balcós e galerías son unha lección de bo urbanismo.



Por Ferrol andan moitos descendentes de xentes da miña tribu natal. Esta pequena colonia chairega tróuxoa, aló nas dúas primeiras décadas deste século, don Manuel Montes, que morreu sendo párroco de San Xulián e que denantes o fora de Outeiro de Rei e de Pontedeume. Os chairegos que don Manuel Montes trasladou ou trasplantou a Ferrol traballaron de consumeiros, de empregados do axuntamento, algunhos sentaron plaza na Mariña e outros establecéronse de carniceiros, maiormente pola banda do Inferniño, nome que, cando servidor era rapaz, moito lle chamaba a atención e que, aínda hoxe, xa un vello feito coa barba prateada e o cabelo cano, non deu pescudado a razón deste topónimo que lle causa un pequeno e vago desacougo.

Os arredores de Ferrol impresionan pola súa beleza. Comezando por Serantes, onde desemboca o regato Aneiros, do que é afluente o regueiro dos Corgos. Dende a ermida de Chamorro, forte fábrica de cantería, profanada con tanto cemento que lle botaron, a panorámica da cidade e da ría é inesquencible. Baixando a Serra, que chamaremos de Chamorro, chegamos a Covas. Visitamos a vella casa labrega que a nosa amiga María Xesús anda a arranxar. O val é breve e perfecto como a rosa. Dende eiqúí síntese o mar bater inútilmente contra os penedos de Cabo Prior.

Noutra ocasión chegamos deica o castelo de San Felipe. Un pouco máis adiante está o Castelo de San Cristobo. Da outra banda da ría ollamos o castelo da Palma, Monte Faro e Mugardos. O monte cae, a pino, sobre o mar. Na boca da ría as augas baten e lúen os penedos. Entre Serantes e A Graña é terreo militar. Pareceume entender que parte deste terreo está copado polos americás. A Graña é unha aldea preciosa, singular e orixinal, metida no monte a puro esforzo humano. Conserva moitas construcións tarreas e outras dun andar feitas de cantería. Ó pé destas casas mariñeiras, na máis pura tradición da arquitectura popular, érguense novos edificios de cemento e ladrillo que nada teñen que ver co seu entorno.

Xubia trainos lembranzas de Fernando de Esquío, un dos nosos mellores troveiros do mediovo, cazador nestes montes que van morrer á ría que, noutros días, tiña augas azules, verdes ou grises. O troveiro non quería -nin podía- ferir as aves cantoras. Fernando de Esquío andivo o camiño de Santiago a Lugo, presuroso e namorado, para lle decir a unha luguesa a súa paixón nunhos versos que teñen rumor e rimo de marea. Esto non o privou de escribir cantigas de maldicer do estilo máis ferinte e procaz, según a nomenclatura tradicional. En Xubia houbo, noutro tempo, fábrica de moeda e de tecidos. E coído que tamén de papel.

Perto a Xubia, en Narón, paseou, antes do 36, as súas saudades chairegas o poeta Xosé Crecente Vega, da parentela da miña compañeira. Foi coadxutor da parroquia. Nunhos poemas inéditos, dos que teño a sorte de poseer copia, canta á ría ferrolán. Nos días da guerra civil escribiu un soneto, en Ciudad Real, no que evoca á vella estrada de Narón, veireada de arbres e chea de curvas. É moi posible que o Río Grande de Xubia lle lembrara ó Miño, aínda case recién nacido, ó seu paso por Outeiro, mesmo ó pé da súa casa natal, tanto que as ondas miñotas tiveron que arrolar os seus ensoños de neno e alcender os seus soños de mozo e de adolescente.

Pró que esto escribe hai varios Ferrol: o Ferrol Vello; o do século XVIII, coa súa prolongación cara ó barrio de Caranza; a Cidade Alta, co seu barrio de Canido, onde viven as clases populares, asentadas dende vello na cidade. E Caranza que, pese ós seus espazos verdes e as súas rúas razoablemente anchas, lémbraunos a calqueira cidade ianquí ou eses arrepiantes complexos turísticos que se foron erguendo á veira do Mediterráneo. Agardemos que o barrio de Caranza vaia envellecendo e lle aconteza o mesmo que o viño vello: que cos anos millora."

Andando a terra

3 Imos programar unha viaxe (animade ao centro a que vos leve) pola comarca de Ferrol partindo do texto de Manuel María. Mais para facérmolo temos que planificala e documentarnos previamente. Este sería un traballo a realizar por toda a aula, en grupos; levaría por título: "Ruta pola comarca de Ferrol".

a) Busquemos no texto de Manuel María todos aqueles espazos xeográficos e nomes propios que se citan que poidan ser interesantes para a visita.

b) Ampliemos a información sobre Ferrol na biblioteca ou na aula de informática: consultemos enciclopedias, atlas, a páxina web do concello, etc.

c) Temos que ir seleccionando o que nos pareza máis interesante: museos, rúas, espazos naturais (praias, ríos, vales, montes...) para realizarmos a visita.

d) Ao mesmo tempo teremos que documentarnos sobre feitos históricos acontecidos na cidade e arredores, sobre os sectores económicos máis importantes, buscaremos textos de escritoras e escritores galegos que naceran ou dedicaran a Ferrol, cancións ou cantigas tradicionais galegas dedicadas á cidade, etc.

e) Tamén é importante que nos fagamos con imaxes (fotografías, fotocopias, imaxes tiradas de páxinas web) dos diferentes lugares, feitos históricos e personaxes que seleccionemos para a ruta.




Vista aérea de Ferrol



Concatedral de San Xiao

f) Finalmente, teremos de seleccionar aquilo que nos pareza máis interesante e argumentar por que eliximos determinados lugares para visitar.

g) Unha vez feita a selección, chegamos ao momento de redactar a nosa "Ruta pola comarca de Ferrol". Temos que pensar cal será a orde máis lóxica para visitar os distintos espazos; temos de consultar o horario dos recintos que vaíamos visitar; debemos acompañar a información de imaxes e textos de escritoras ou escritores que fagan máis vistoso o traballo. Sería interesante que aportádeses trípticos como mostra, feitos por asociacións ou por institucións oficiais doutras rutas viaxeiras.



h) Cando xa teñamos a ruta deseñada, proporémoslle a algún dos nosos profesores ou profesoras que se anime a levarnos a coñecer Ferrol.

4 No texto de Manuel María aparece numeroso léxico do campo semántico da arquitectura e da construción. Indícao e busca o significado das palabras que descoñezas.

5 Manuel María cita ao poeta Fernando Esquíó; a continuación realiza unha comparación entre unha cantiga deste poeta e o poema de Manuel María, "Meu vello amigo, Fernando de Esquíó"; compara a forma externa, o tema, o léxico, etc.

*Vaiamos, irmana, vaiamos dormir,
nas ribas do lago, u eu andar vi
a las aves meu amigo.*

*Vaiamos, irmana, vaiamos folgar
nas ribas do lago, u eu vi andar
a las aves meu amigo.*

*Enas ribas do lago, u eu andar vi,
seu arco na mao as aves ferir,
a las aves meu amigo.*

*Enas ribas do lago, u eu vi andar,
seu arco na mao a las aves tirar,
a las aves meu amigo.*

*Seu arco na mao as aves ferir,
e las que cantavan leixá-las guarir,
a las aves meu amigo.*

*Seu arco na mao a las aves tirar,
e las que cantavan non as quer matar,
a las aves meu amigo.*

*Meu vello amigo, Fernando de Esquíó:
o teu verso feble como un asubío.
E vas de amor escoando.*

*¡Meu vello amigo, xentil trobador,
sutil e calado, ferido de amor!
E vas de amor escoando.*

*Fernando de Esquíó, cruel e firente:
ja túa verba vella, aceda e doente!
E vas de amor escoando.*

*Fernando de Esquíó, sen arco na man:
jas aves de antano no meu peito van!
E vas de amor escoando.*

*Fernando de Esquíó, ¡qué saudades fondas
leva o vello Miño boiando nas ondas!
E vas de amor escoando.*

*¡Qué saudade fonda dende o mil e picol
¡As aves cantando cun verso no bicol
E vas de amor escoando
e os merlos seguen cantando.*

Fernando Esquíó

Escolma de poetas de Outeiro de Rei, 1982

As homenaxes

Unha persoa coa traxectoria de Manuel María tiña que deixar unha importante pegada na súa terra, Galiza, e no seu pobo. En vida foron innumerábeis as homenaxes e premios que recibiu, mais a mellor homenaxe que lle podemos facer todos é seguir lendo a súa obra: recitar os seus poemas, representar as súas pezas teatrais, lermos as súas narracións, viaxar da man dos seus artigos por maravillosos lugares, etc.

Xurxo Souto dedicoulle o seguinte artigo no xornal La Opinión de A Coruña uns días despois da súa morte:

1 A PALABRA DE MANUEL MARÍA

Digo Manuel María e digo amizade e gratitude infinita.

Neste tempo de despedida, a carón do seu nome, xorde tamén o profundo sentimento de orfandade que deixa a perda dun verdadeiro mestre.

Manuel María, un poeta fundamental na literatura galega do século XX. E, sobre todo, un ser excepcional que para a nosa fortuna foi veciño desta cidade e iluminou A Coruña toda coa súa palabra.

Lembro a derradeira vez que o visitei, hai pouco máis dunha semana, no hospital Abente y Lago. Coma sempre, rimos, soñamos, viaxamos, emocionámonos a oito. Falamos -perdón-, faloume do seu amigo Celso Emilio Ferreiro. Da intensidade lírica do poeta de Celanova, da facilidade tasqueira que tiña para armar versos de escarmio, e da súa nula habelencia na arte de cociñar caldeiradas. Díxenlle que tiña pensado ir á romaría da Nosa Señora da Peneda, nos outeiros do Gerês, e relatoume, emocionado o seu encontro en Coimbra con Miguel Torga, o autor dos contos máis fermosos das montañas galegas de Tras-os-Montes. Despois tiramos cara San Andrés de Teixido, e souben de Manuel Miragaia, un crego, chairego de nación -como el gustaba dicir- que misaba con escopeta ao lombo, dende que un romeiro listo subiu á Capelada para lle roubar o diñeiro da colecta. Houbo tamén tempo para as novidades literarias, o argumento foi "Territorio da desaparición", do chairego-coruñés Miguel Anxo Fernán Vello, un libro que, segundo Manuel, sinala e significa, tras dunha etapa de predominio estético-culturalista o reencontro coa palabra social na poesía galega.

Citei este encontro persoal, porque -como dixo Méndez Ferrín- eu son o exemplo que máis a man teño. Estou certo que centos, miles de persoas poderían relatar experiencias parecidas: minutos de conversa a rabuñar a felicidade. Tal era o plan vital do mestre. Formulouno expresamente no seu poema "Aínda teño a esperanza": "dialogar persoa a persoa/ face a facer", por "todas as parroquias de Galiza/ lugares e casais". Un proxecto que cumpriu en plenitude e que o conduciu, polos camiños máis humildes, ata a sabedoría.

Por iso, estes días, as honras fúnebres convertéronse na apoteose da palabra amizade. Actos de dor, mais ao tempo de inmenso orgullo, ao comprobar o decoro e o cariño con que Manuel foi honrado tamén no momento da despedida. O xoves e o venres, miles de persoas acudiron a darlle o derradeiro adeus ao seu corpo envolto na bandeira galega, coa estrela vermella segundo el gustaba, no Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingos de Bonaval. Ben perto á súa Rosalía. Nun salón contiguo, como un eco de vida, escolares, poetas, actores, músicos compartían a súa palabra. No serán do venres cadaleito foi conducido ata á súa vila natal: Outeiro de Rei. E celebrouse o funeral, na capela de Santa Isabel, a carón do Miño, a ermida que o propio Manuel fixo restaurar co único argumento dos seus versos.

Manuel María, o rapaz da Casa de Hortas que dende moi novo foi consciente dun grande poder do que era posuidor: a palabra. Palabra lírica disposta a comprometerse, no ermo escuro da posguerra, coa lingua do seu país. Palabra iluminada que foi quen de facer agromar todo un cosmos: a Terra Chá.

Palabra firme, constante, militante, sempre ao servizo dos que sofren no mundo, principiando por este anaco de planeta que se chama Galiza.

Digo Manuel e digo gratitude infinita. Manuel María que nos fixeche mellores coa túa palabra. Abenzoado sexas por tal herdanza.

A LUZ RESUCITADA

De toda a súa obra, inmensa, permítanme que escollo como homenaxe un dos poemas do libro "A Luz Resucitada", o dedicado a Saleta, a compañeira. Un chisco de solaz para a quen ten que vivir con tanta ausencia:

"Non sei como agradecer tanta tenrura,
tantos días usados en común,
tantas horas de plenitude,
tanta beleza que enterraches en min,
tanta luz gastada simplemente
en ollarme envellecer: oficio duro,
doente, fatal e inevitábel.
Eu só teño, para celebrar a túa
nidia e inmarcensíbel primavera,
esa melancolía señardosa
semellante, cecais, a unha camelia
e as palabras murchas e acedas
que intentan florecer nos meus poemas".



a) Que cualidades resalta Xurxo Souto de Manuel María? _____

- b) Que quere dicir cando indica que o poder de Manuel María está na "palabra"?
-
- c) De que falaron Xurxo Souto e Manuel María cando se viron?
-
- d) Que elementos coñeciches nesta unidade da obra de Manuel María que se resalten no artigo?
-
- e) No artigo dise que Manuel María foi honrado no Panteón de Galegos Ilustres. Busca datos sobre este lugar: onde está, por que se chama así, quen está enterrado alí, etc.

2 Imos elaborar, en grupos de 3 ou 4, un Alfabeto de Manuel María. Como o facemos? Poremos unha palabra (substantivo, adxectivo, verbo, adverbio, etc.) que pensemos que teña relación coa súa persoa ou obra; a ser posíbel que comece por esa letra do alfabeto. Por exemplo, pola letra S que se identifique con Manuel María poderíamos poñer SALETA. Podedes rematalo cun verso do escritor ou con algunha frase que o lembre.

Despois entre toda a clase eliximos unha palabra das de todos os grupos por letra. Argumentaremos para defender a de cada grupo e elixiremos a que máis nos guste.

¡Manuel María...	A _____	B _____
C _____	D _____	E _____
F _____	G _____	H _____
I _____	L _____	M _____
N _____	O _____	P _____
Q _____	R _____	S aleta_____
T _____	U _____	V _____
X _____	Z _____	

O idioma é a vida!

2 Realizade a lectura desta noticia que se publicou en Sermos Galiza:

As asociacións culturais prometen que Manuel María terá un Día das Letras “memorábel”

Era fácil velo en charlas, mesas redondas, recitais ou manifestacións. As asociacións do país contaban con Manuel María e el sempre respondía. Agora anuncian que van responder a súa xenerosidade contribuíndo a que o vindeiro ano, no que se lle dedicará o Día das Letras Galegas, sexa memorábel.

O escritor Manuel María acompañou asociacións como a Mesa pola Normalización Lingüística (MNL), a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) ou a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) así como todo o tecido cultural do país que o vindeiro sábado se xuntarán, como xa estaba previsto, na sede da fundación que leva o seu nome en Outeiro de Rei.

“Este ano debe servir para pór de novo Manuel María de plena actualidade (nunca deixou de estar). Quero dicir que á marxe dos estudos que sobre a súa obra se poidan levar a cabo a homenaxe que supón a dedicatoria do Día das Letras ten que poñer o poeta de novo en todos os centros educativos, mais cando ninguén, como el, fixo literatura que pode utilizarse en todos os niveis do ensino, cantada, lida ou dramatizada. Iso, xunto co seu compromiso polo idioma, fai que o ano 2016, ano tamén do centenario das Irmandades, abra un abano de posibilidades de traballo e divulgación que non se dan en ningún outro autor”, sinala o presidente da AS-PG, Xoán Costa, a pouco de se coñecer que Manuel María é o escritor ao que se lle dedicará o Día das Letras Galegas de 2016.

No ensino, pola galeguización

“A relación da AS-PG e Manuel María foi desde o mesmo momento en que naceu a entidade, unha relación de total coincidencia nos obxectivos. O papel activo do autor a prol da galeguización do ensino coincidía plenamente co lema fundacional da entidade “Na procura dun ensino galego”. Por iso, desde as primeiras Xornadas do Ensino Manuel María sempre estivo presente, deixando de asistir só nunha ocasión, cando a doenza llo impediu”, sinala Xoán Costa, presidente da AS-PG. Por toda a súa xenerosidade e en recoñecemento da colaboración de tantos anos, a AS-PG organizou en 1995 unha homenaxe na Coruña que deixou pequeno o teatro Rosalía de Castro. Daquela, Manuel María xubilárase da súa profesión de procurador en Monforte e trasladara a súa residencia á Coruña.

A AS-PG foi tamén, e por esa intensa relación desde os seus inicios, unha das entidades que colaborou en todas as actividades que se desenvolveron após a súa morte baixo o lema “Manuel María poeta nacional” como a edición dun disco-homenaxe de Milladoiro titulado “Unha estrela por guía” o Premio Manuel María á dignidade Nacional, así como exposicións destinadas ao sistema educativo.

“Un ano de festa”

“A sociedade vaise volcar, entre outras cousas, porque estamos en débeda con Manuel María que sempre acompañou a todo o mundo. Tense que visualizar toda a forza que hai na sociedade e que responderá a todo o que el xenerosamente deu en vida. Será un ano de festa e eu creo que pode aventurar que o único referente próximo é cando se celebrou o ano de Lois Pereiro que tamén houbo unha resposta social grande. Servirá para darlle un novo impulso a unha figura imprescindíbel”, comenta Mercedes Queixas, vicepresidenta da AELG, que malia se ter incorporado á directiva da entidade ao anos seguinte da morte de Manuel María coñece ben as razóns que levaron á entidade a outorgarlle as máximas distincións como nomealo socio de honra e dedicarlle a letra E. “O arquivo da AELG testemuña que acompañou desde o seu nacemento a vida interna da asociación e por iso para nós será un orgullo moi grande involucrarnos cunha figura á que lle temos moito respecto”, engade.

A nivel persoal, Mercedes Queixas asegura que o coñeceu de moitas maneiras, desde que se achegou a súa casa como estudante para a elaboración dun traballo e saíu sorprendida co trato e a xenerosidade, logo como docente, cando Manuel María asistiu ao seu centro de ensino coa súa voz rexa que engaiolaba ao alumnado e finalmente en infinidade de actividades do movemento asociativo.

“É unha persoa tan popular que vai ser celebrado por canto movemento asociativo hai no país. Non hai concello que non tivera pisado e a súa voz estivo presente sempre que foi chamado. Terá o recoñecemento que a el lle gustaría: popular de unión do pobo e será tamén un ano para nos atopar cun referente literario da segunda metade do século XX e primeira do XXI de lectura imprescindíbel e tamén para mostrar o moito que o valoramos e agradecemos a súa viaxe polo país acompañando as causas xustas”, comenta Queixas quen fai fincapé nunha faceta, ao seu ver, imprescindíbel, a súa condición de pioneiro da literatura infantil con obras de referencia como Os soños na gaiola.

2016, un ano propicio para a lingua

Da infinidade de actos da Mesa pola Normalización Lingüística (MNL) nos que Manuel María participou, o presidente da entidade, Marcos Maceira destaca o seu compromiso anual co Correlingua, a carreira na que a rapaciada festexaba correndo a súa lingua. “Percorreu moitísimos centros de ensino e tanto el como a súa obra traballaron arreo pola normalización a nosa lingua po riso quero destacar a oportunidade como autor para seguir contribuíndo aínda hoxe á defensa do galego, nun momento en que tanta falta fai”, afirma Marcos Maceira quen lembra tamén que a súa obra foi lema de varias convocatorias de Queremos Galego, a plataforma pola lingua, como “O idioma é a chave coa que abrimos o mundo”.

“A súa obra será reeditada e estará con máis intensidade nos centros de ensino co que imos comprobar que o país e a lingua son eixos fundamentais da súa creación. Manuel María é o primeiro autor novo que publica en galego despois do levantamento militar e a forza que a lingua ten na súa obra vai ser moi útil para a loita pola normalización”, explica e, como Xoán Costa, insiste en que a feliz coincidencia co ano das Irmandades da Fala fai que agarde o 2016 “con moito optimismo, moi propicio para a lingua, para recolocala no sitio que lle corresponde”.

Para facerdes que no 2016 o Día das Letras Galegas dedicado a Manuel María sexa memorábel, prepararedes unha actividade por cada aula do centro:

1º Teredes que planificala (coa axuda do voso profesorado, do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, das vosas familias...): un recitado poético, unha presentación, unha peza teatral, unha lectura colectiva...

2º Cando teñades decidido que facedes, teredes que comezar a organizala.

3º Unha vez organizada, pasamos a realizar os ensaios.

4º E preparamos, finalmente, o programa e a data da homenaxe.



unidade didáctica ESO unidade didáctica ESO unidade didáctica ESO

manuel manuel manuel
maría maría maría



asociación de escritores
en lingua galega



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA